SPACE CHIMPS MISIÓN ESPECIAL [110]
SULFATO [102]
THE ADDICTION [83]
THE BIG SELLOUT [82]
THE BIKE (A bicicleta) [101]
THE BROTHERS BLOOM [80]
THE COTTAGE [78]
THE LOSS OF A TEARDROP DIAMOND [73]
THE MAN WHIT THE X-RAY EYES [O HOME CON RAIOS X NOS OLLOS] [65]
THE NIGHT JAMES BROWN SAVED BOSTON [84]
THE PRINCESS OF NEBRASKA [41]
THE SADDEST MUSIC IN THE WORLD [86]
TIRO EN LA CABEZA [85]
TNUAH MEGUNA [MAL XESTO] [75]
TOM PETTY AND THE HEARTBREAKERS: RUNNIN' DOWN A DREAM [86]
TRABALLADORES DO CONTRABANDO [104]
TRAITOR [55]
TRAZOS [102]
TWIST OF FAITH [67]
TWO-LEGGED HORSE [38]
ÜÇ MAYMUN [THREE MONKEYS] [48]
UNA CIERTA VERDAD [66]
UNE NOUVELLE VIE [67]
UNHA HISTORIA GALEGA [RETRATOS DA REPRESIÓN NA GALICIA DE 1936] [104]
UNHA LOUSA SOBRE O CAUREL [104]
VIVIR A DESTEMPO [104]
WALTZ WITH BASHIR [VALSE CON BASHIR] [39]
WARMING 2099 [00]
WILD COMBINATION: A PORTRAIT OF ARTHUR RUSSELL [89]
XAN, A DESPEDIDA [102]
XARES, O RÍO QUE NOS LEVA [104]
XUSTIÇA [65]
YE CHE [NIGHT TRAIN] [52]
YOUNG@HEART [CORAZÓNS REBELDES] [87]
ZUO YOU [IN LOVE WE TRUST] [46]

SAVED
BOSTON

BAJO JUAREZ

Chang Chen (Jang Jin), Zia (Yeon),
Ha Jung-woo (Marido de Yeon),
Kang In-hyung (Mozo prisioneiro),
Kim Ki-duk (Xefe de seguridade),
Lee Joo-seok (Preso pintor),
Oh Sun-tae (Preso gordo),
Kim Eun-seo (Hee, filla de Yeon)

BREATH [ALENTO] [10/11/12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kim Ki-duk**
Guión **Kim Ki-duk** Produción **Kim Ki-duk**
Música **Kim Myung-jong**
Fotografía **Sung Jong-moo**
Montaxe **Wang Su-an**
Deseño da produción **Hwang In-jun**
Vestiario **Lee Da-yeoun**

DATOS TÉCNICOS

País **Corea do Sur** Ano **2007**
Duración **84 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

Cando descobre que o seu marido ten unha amante, Yeon (Zia) decide visitar un preso descoñecido cuxos continuos intentos de suicidio foron noticia na televisión. Jin (Chang Chen) queda sorprendido cando Yeon volve visitalo. Paseniñamente, o preso ábrese á muller. Yeon dille ao seu marido que ten outro. Este, celoso, séguea ao cárcere e prohíbelle que volva ver a Jin. Pero Yeon e Jin están moito máis unidos do que cre o seu marido...

François Bégaudeau (François), Vincent Caire, Olivier Dupeyron, Patrick Dureuil Frédéric Faujas, Laura Baqueda, Juliette Demaille, Dalla Doucoure, Esmeralda Ouertani, Franck Keïta

ENTRE LES MURS [A CLASE] [6/7/8/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Laurent Cantet**
Guión **Laurent Cantet**, **François Bégaudeau** e **Robin Campillo**; inspirado na novela *Entre els murs* de **François Bégaudeau**
Produción **Carole Scotta**, **Caroline Benjo**, **Barbara Letellier** e **Simon Arnal**
Fotografía **Pierre Milon**
Montaxe **Robin Campillo**
Vestiario **Marie Le Garrec**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia** Ano **2008**
Duración **128 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

François (François Bégaudeau) e os demais profesores prepáranse para se enfrontaren a un novo curso nun instituto situado nun barrio conflitivo. Cheos de boas intencións, desexosos de lles achegar a mellor educación aos seus alumnos, ármanse contra o desalento. Pero as culturas e as actitudes enfróntanse na aula, microcosmos da Francia contemporánea. Por moi divertidos e estimulantes que sexan os adolescentes, os seus comportamentos poden cortar de raíz o entusiasmo dun profesor que non cobra bastante. A tremenda franqueza de François sorprende os alumnos, pero o seu estrito sentido da ética cambalea cando os mozos empezan a non aceptar os seus métodos.

Kristin Scott Thomas (Juliette), Elsa Zylberstein (Léa), Serge Hazanavicius (Luc), Laurent Grévill (Michel), Fauré Frédéric Pierrot (Capitán), Lise Ségur (Lys), Paul Jean-Claude Arnaud (Avó), Mouss Zouheyri (Samir), Souad Mouchrik (Kaisha), Catherine Hosmalin (Mestra), Claire Johnston (Nai de Juliette e Léa)

IL Y A LONGTEMPS QUE JE T'AIME [10/15/16] [HAI MOITO QUE TE QUERO]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Philippe Claudel** Guión **Philippe Claudel** Produción **Yves Marmion** Música **Jean-Louis Aubert** Fotografía **Jérôme Alméras** Montaxe **Virginie Bruant** Dirección artística **Samuel Deshors** Vestiario **Jacqueline Bouchard**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia** e **Alemaña** Ano **2008**
Duración **110 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

Juliette (Kristin Scott Thomas) sae en liberdade despois de pasar quince anos no cárcere. Durante eses quince anos non tivo ningún contacto coa familia, que a rexeitou. Léa (Elsa Zylberstein), a irmá menor, acóllea na casa de Nancy, onde vive co seu marido Luc (Serge Hazanavicius) e dúas fillas adoptivas. Debido ao longo encarceramento de Juliette e mais á diferenza de idade, as dúas mulleres séntense como dúas estrañas. Pero Léa aceptou darlle acubillo a súa irmá cando os servizos sociais se puxeron en contacto con ela. Ao principio, Juliette parece distante, afastada do mundo, ensimesmada, pero Léa esfórzase en facer que a súa estadía sexa agradable. O seu marido Luc non está de acordo e as dúas fillas están encantadas de descubrir que tiñan unha tía descoñecida. A casa é grande e sempre está chea de amigos: Michel (Laurent Grévill), compañeiro de traballo de Léa e sedutor empedernido; e unha parella de inmigrantes, Samir (Mouss Zouheyri) e Kaisha (Souad Mouchrik), axúdanlle a Juliette a volver a unha vida normal. Léa descobre canto botaba de menos a súa irmá e a tremenda débeda que cre que ten con ela. Pouco a pouco, as irmás recuperan a confianza mutua para superar os segredos e as palabras non pronunciadas que contribuíron a afastalas unha da outra.

Ariane Ascaride (Muriel), Jean-Pierre Darroussin (François), Gérard Meylan (René), Frédérique Bonnal (Charlotte), Pascale Roberts (Solange), Jacques Boudet (Henri), Giuseppe Selimo (Martin), Anna Ostby (Marly), Yann Tregouët, Pascal Cervo

LADY JANE [5/8/9/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Robert Guédiguian** Guión **Robert Guédiguian** e **Jean-Louis Milesi** Produción **Robert Guédiguian** Fotografía **Pierre Milon** Montaxe **Bernard Sasia** Deseño da produción **Michel Vandestien** Vestiario **Juliette Chanaud** e **Anne-Marie Giacalone**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia** Ano **2008**
Duración **102 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Na época en que os Rolling Stones interpretaban *Lady Jane*, Muriel (Ariane Ascaride), François (Jean-Pierre Darroussin) e René (Gérard Meylan), amigos da infancia nados nun barrio popular de Marsella, repartían abrigos de pel roubados a todas as obreiras veciñas. Pero abandonaron os atracos o día que mataron un xoieiro nun aparcamento. Para pasar desapercibidos, non volven verse ata o día en que secuestran o fillo de Muriel... A banda volve unirse para conseguir o diñeiro do rescate.

Hiam Abbass (Salma Zidane), Ali Suliman (Ziad Daud), Doron Tavory (Navon), Rona Lipaz Michael (Mira), Tarik Copti (Abu Hussam), Amos Lavie (Capitán Jacob), Amnon Wolf (Leibowitz), Smadar Yaaron (Tamar Gera), Ayelet Robinson (Shelly)

ETZ LIMON [OS LIMOEIROS] [15/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Eran Riklis**
Guión **Suha Arraf** e **Eran Riklis**
Produción **Bettina Brokemper, Antoine de Clermont-Tonnerre**, **Michael Eckelt** e **Eran Riklis**
Música **Habib Shehadeh Hanna**
Fotografía **Rainer Klausmann**
Montaxe **Tova Ascher**
Deseño da produción **Miguel Merkin**
Vestiario **Rona Doron**

DATOS TÉCNICOS

Países **Israel**, **Alemaña** e **Francia**
Ano **2008** Duración **106 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Salma (Hiam Abbass), unha viúva palestina, decide librar unha batalla contra o ministro de Defensa de Israel, cuxa casa linda co seu campo de limoeiros, na fronteira entre Israel e os territorios ocupados. A policía non tarda en decretar que as árbores de Salma representan unha auténtica ameaza para o ministro de Defensa e a súa familia, e ordena que as corten. Pero Salma decide loitar para salvar as árbores e mais a súa vida.

Ziya Mirza Mohamad, Haroun Ahad, Gol Gotai Karimi, Khojeh Nader, Yasin Tavildar

TWO-LEGGED HORSE [23/24/25]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Samira Makhmalbaf**
Guión **Mohsen Makhmalbaf**
Produción **Samira Makhmalbaf**
Música **Tolibkhon Shahidi**
Fotografía **Farzad Jodat**
Montaxe **Mohsen Makhmalbaf**
Deseño da produción **Akbar Meshkini**

DATOS TÉCNICOS

País **Irán**
Ano **2008**
Xénero **Drama**
Duración **120 min**

SINOPSE

A cambio dun dólar ao día, o rapaz encárgase de levar o neno coxo ao colexio e de recollelo, como se dun cabalo se tratase. Mentres o leva ás costas, adoita botar carreiras cos burros e mais cos cabalos que atopa polo camiño. Baña, lava e prepara o neno para empezar o día. Pero o neno coxo non é feliz, pois o rapaz non se converteu en cabalo como el desexaba...

WALTZ WITH BASHIR [VALSE CON BASHIR] [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ari Folman**
Guión **Ari Folman**
Produción **Yael Nahlieli**, **Serge Lalou, Gerhard Meixner** e **Roman Paul**
Música **Max Richter**
Montaxe **Nili Feller**
Dirección artística **David Polonski**

DATOS TÉCNICOS

Países **Israel**, **Francia** e **Alemaña**
Ano **2008**
Duración **90 min**
Xénero **Animación**, **drama**

SINOPSE

Unha noite nun bar, un vello amigo cóntalle ao director Ari que ten una pesadelo recorrente no que o perseguen 26 cans. Cada noite o mesmo número de animais. Os dous homes chegan á conclusión de que ten que ver cunha misión que realizaron para o exército israelí durante a primeira guerra co Líbano a principios dos anos oitenta. Ari sorpréndese ante o feito de que non lembre nada dese período da súa vida. Intrigado, decide ver e falar con vellos amigos e antigos compañeiros dispersados polo mundo adiante. Necesita saber a verdade acerca dese período e de si mesmo. Ari escaravella cada vez máis e os seus recordos empezan a reaparecer mediante imaxes surrealistas...

Damián Alcázar (Eliseo), Marcela Mar (Paola), Blas Jaramillo (Padre Ernesto), Teresa Gutiérrez (Blanca), Martina García (Natalia), Marcela Valencia (Alicia), Andrés Parra (Pablo), Isabel Gaona (Irene), Vicky Hernández (Beatriz), Patricia Castañeda (Valeria)

SATANÁS [PERFIL DE UN ASESINO] [26/27/28]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Andrés Baiz**
Guión **Andrés Baiz**; baseado na novela *Satanás* de **Mario Mendoza**
Produción **Rodrigo Guerrero Rojas**
Música **Angelo Milli**
Fotografía **Mauricio Vidal**
Montaxe **Alberto de Toro**
Dirección artística **Juan Carlos Acevedo**
Vestiario **Luz Helena Cárdenas**

DATOS TÉCNICOS

Países **Colombia** e **México**
Ano **2007**
Duración **95 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Satanás (Perfil de un asesino) é un trío de historias que ilustran a interconexión dos sucesos no noso mundo e o efecto dominó das accións dunha persoa na vida doutra. Unha fermosa moza acosa a homes ricos en busca dunha vida mellor. Un cura, apaixonadamente namorado da súa ama de chaves, debátese baixo o peso do seu amor secreto. Un profesor e veterano de guerra, resentido ante a vida e as súas circunstancias, soña con escapar do aburrimento xunto cunha das súas estudantes. Serán quen de soportar a presión da tentación que supoñen os seus desexos máis profundos? As súas accións acabarán por ter unhas consecuencias devastadoras.

Martina Gusman (Julia),
Elli Medeiros (Sofía),
Rodrigo Santoro (Ramiro)

LEONERA [19/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pablo Trapero**
Guión **Alejandro Fadel, Martín Mauregui, Santiago Mitre** e **Pablo Trapero**
Produción **Pablo Trapero** e **Youngjoo Suh**
Música **Intoxicados, Chango Spasiuk** e **Los Palmeras**
Fotografía **Guillermo Nieto**
Montaxe **Ezequiel Borovinsky** e **Pablo Trapero**
Dirección artística **Coca Oderigo**
Vestiario **Marisa Urruti**

DATOS TÉCNICOS

Países **Arxentina, Brasil** e **Corea do Sur**
Ano **2008**
Duración **113 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Julia (Martina Gusman) esperta no seu apartamento, rodeada polos corpos de Ramiro e Nahuel cubertos de sangue. Ramiro (Rodrigo Santoro) aínda está vivo. Os dous foron, á vez e de maneira oculta, amantes de Julia, e un deles foi o que a deixou embarazada. Envían a Julia a unha prisión para mulleres, con outras reclusas, nais ou embarazadas. Alí, pasará os primeiros días absorta e apartada. Odia ser nai nesas condicións. Nace o seu fillo. Criar un meniño no cárcere é unha carga complicada. Todo sucedeu contra da súa vontade. Pero Julia cada día ten máis claro que o seu fillo é o único valioso que lle queda. Julia irá visitar a Ramiro ao cárcere para homes. O que ocorreu na noite do crime séguelles parecendo confuso, tanto coma o que senten un polo outro.

Marie Bunel (Mathilde)
Artus de Penguern (Pierre), Jean-Pierre Darroussin (Claude), Pascal Légitimus (Guy), Muriel Robin (Clara), Marie Kremer (Camille), Flore Vannier-Moreau (Elsa), Aymen Saïdi (Ramzi), Nicolas Cazalé (Saïd)

SAINT-JACQUES... LA MECQUE [PEREGRINOS] [22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Coline Serreau**
Guión **Coline Serreau**
Produción **Charles Gassot** e **Jacques Hinstin**
Música **Madeleine Besson, Sylvain Dubrez** e **Hugues Le Bars** Fotografía **Jean-François Robin** Montaxe **Catherine Renault**
Deseño da produción **Antoine Fontaine**
Vestiario **Karen Muller-Serreau**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2005**
Duración **110 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

Á morte da súa nai, dous irmáns e unha irmá decátanse de que só cobrarán a herdanza se van xuntos a pé desde Le Puy-en-Velay (Francia) ata Santiago de Compostela. O malo é que se odian entre si e odian andar. Pero o afán do diñeiro pode máis e finalmente póñense en camiño. Reúnense co guía en Le Puy-en-Velay, onde descobren que irán cun grupo doutras seis persoas. O camiño ata Santiago de Compostela é longo e mentres percorremos con eles unhas espléndidas paisaxes, asistimos aos contratempos, enfados, amoríos, fantasías e vivencias destes nove personaxes.

DELIVER US FROM EVIL [LÍBRANOS DO MAL] [11 / 12 / 15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Amy Berg**
Guión **Amy Berg**
Produción **Amy Berg, Hermas Lassalle, Frank Donner** e **Matthew Cooke**
Música **Mick Harvey** e **Joseph Arthur**
Fotografía **Jacob Kusk** e **Jens Schlosser**
Montaxe **Matthew Cooke**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2006**
Duración **101 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Líbranos do mal é a historia do padre Oliver O'Grady, o máis célebre pedófilo na historia da Igrexa Católica moderna. Depredador sexual compulsivo e inmisericorde, O'Grady usou o seu encanto e mais a autoridade como líder relixioso para violar decenas de nenos a través de California do norte, tanto física coma espiritualmente, ao longo de vinte anos. As súas vítimas ían desde un meniño de nove meses á nai de mediana idade doutra vítima adolescente. A pesar dos indicios temperáns e mais das queixas de varias parroquias, a Igrexa, mediante un sofisticado mecanismo protector, decidiu esquivar as responsabilidades e desviar a crítica. Mentiulles aos fregueses e á xustiza local, mentres trasladaba a O'Grady de parroquia en parroquia. Con todo, documentos internos da Igrexa demostran que, desde 1973, O'Grady violou e sodomizou con pleno coñecemento de todo por parte dos seus superiores na Igrexa Católica.

Ling Li (Sasha), Brian Danforth (Boshen), Pamelyn Chee (X), Patrice Binaisa (James)

THE PRINCESS OF NEBRASKA [17 / 18 / 20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Wayne Wang**
Guión **Michael Ray,** baseado nun relato de **Yiyun Li**
Produción **Yukie Kito** e **Donald Young**
Música **Kent Sparling**
Fotografía **Richard Wong**
Montaxe **Deirdre Slevin**
Dirección artística **Amy Chan**

DATOS TÉCNICOS

Países **USA** e **Xapón**
Ano **2007**
Duración **77 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

The princess of Nebraska narra vinte e catro horas na vida de Sasha, unha estudante chinesa moza da Universidade de Nebraska, embarazada de catro meses tras unha fugaz aventura en Beijing, que chega a San Francisco coa intención de abortar. Estados Unidos descóbrelle a Sasha un amplo abano de opcións que fan que reconsidere a decisión.

CALLE SANTA FE [24/26/27]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Carmen Castillo**
Produción **Serge Lalou, Christine Pireaux** e **Sergio Gandara**
Música **Juan Carlos Zagal**
Fotografía **Ned Burgess, Raphaël O'Byrne, Sebastian Moreno** e **Arnaldo Rodríguez**
Montaxe **Eva Feigeles-Aimé**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia, Chile e Bélxica**
Ano **2007**
Duración **163 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Rúa Santa Fe, nunha barriada de Santiago de Chile, 5 de outubro de 1974. Carmen Castillo sobrevive ao seu compañeiro, Miguel Enríquez, dirixente do Movemento de Esquerda Revolucionaria (MIR) e da resistencia contra a ditadura de Pinochet, que morre no asalto á súa casa por parte dos militares. É o punto de partida de *Calle Sante Fé*, unha viaxe ao presente deses barrios e á memoria dos vencidos; unha viaxe levada a cabo sen ningún tipo de compracencia ou autoindulxencia; unha narrativa guiada polas seguintes preguntas: Todos estes actos de resistencia pagaron a pena? Miguel morreu por nada?

Michel Joelsas (Mauro), Daniela Piepszyk (Hanna), Germano Haiut (Shlomo), Paulo Autran (Opa Mótel), Caio Blat (Ítalo), Simone Spoladore (Bia), Eduardo Moreira (Daniel), Gabriel Eric Bursztein (Bóris), Felipe Hanna Braun (Caco), Haim Fridman (Duda)

O ANO EM QUE MEUS PAIS SAÍRAM DE FÉRIAS [28/29/30] [O ANO EN QUE MEUS PAIS FORON DE VACACIÓNS]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Cao Hamburger**
Guión **Cláudio Galperin, Bráulio Mantovani, Anna Muylaert** e **Cao Hamburger**
Produción **Fabiano Gullane, Caio Gullane** e **Cao Hamburger** Música **Beto Villares**
Fotografía **Adriano Goldman**
Montaxe **Daniel Rezende**
Deseño da produción **Cássio Amarante**
Vestiario **Cristina Camargo**

DATOS TÉCNICOS

País **Brasil** Ano **2006** Duración **105 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

En 1970, as preocupacións de Mauro (Michel Joelsas), un neno de 12 anos, non teñen nada que ver co réxime militar que controla Brasil. O soño máis grande que ten é ver como a selección de fútbol gana o terceiro mundial. De repente, Mauro é separado dos seus pais e levado a vivir á comunidade de Bom Retiro, un distrito en São Paulo onde residen, sobre todo, xudeus e italianos.

Samuel L. Jackson (Tom Carver), Ed Harris (Eddie Lorenzo), Eva Mendes (Ann Norcut), Luis Guzmán (Detective Wallace), Keke Palmer (Rose Carver), Robert Forster (Arlo)

CLEANER [25/26]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Renny Harlin**
Guión **Matthew Aldrich**
Produción **Avi Lerner, Michael P. Frannigan** e **Lati Grobman** Música **Richard Gibbs** Fotografía **Scott Kevan** Montaxe **Brian Berdan** Deseño da produción **Richard Berg** Vestiario **Susanna Puisto**

DATOS TÉCNICOS

País **USA** Ano **2007** Duración **89 min** Xénero **Suspense**

SINOPSE

Se alguén morre na túa casa, a policía leva o corpo; case todo o mundo sabe iso... pero son poucos os que reparan en que a limpeza de todo o desastre corre pola túa conta. A maioría non ten valor para afrontar algo así e por iso recorren a Tom (Samuel L. Jackson). Tom é o que se denomina un "limpador", un home que non deixa o máis mínimo sinal de sangue, cheiro ou mancha pero, por encima de todo, Tom considérase o home que elimina toda aflición mediante a supresión de todo canto pode ser susceptible de recordar a traxedia. Lentamente. Metodicamente. Concienciudamente. Cando Tom é o teu limpador, ten a certeza de que non vai quedar nada. Despois de ser oficial no departamento de policía de Nova Jersey, Tom viu o seu no referente a escenas de crime dantescas, polo que non foi ningún tipo de aversión cara ao sangue e as carnizarías o que o levou á súa nova profesión. Pola contra, máis ben trátase das cousas que non se poden ver, e das que non te atreves a falar as que levaron a Tom á súa nova ocupación, abandonando o corpo. Limpar a sucidade física é un oficio decente, que lle permite entrar na casa para criar a súa filla Rose (Keke Palmer) coa conciencia tranquila. Cando recibe a encarga de limpar a escena dun crime brutal e sanguinolento que aconteceu nun barrio de clase alta, encárao coa habitual actitude do traballo rutineiro. Ata que Tom se decata de que en ningún momento se lle comunicou á policía o asasinato e de que o que en realidade fixo é eliminar calquera evidencia do mesmo. A muller que vive na casa, a Sra. Ann Norcut (Eva Mendes), non ten nin idea de que se cometera ningún asasinato entre as paredes do seu fogar, mais, o que si sabe é que o seu marido desapareceu. Así as cousas, prégalle a Tom para que axude a dar con algunhas respostas. Totalmente remiso a volver a ese mundo corrupto e desagradable que deixou atrás, semella que agora non ten elección dado que a policía ten motivos para crer que está involucrado no caso dalgún modo.

PATTI SMITH. DREAM OF LIFE [12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Steven Sebring**

DATOS TÉCNICOS

País **EE.UU.** Ano **2008**
Duración **109 min**

SINOPSE

Da súa propia boca. A poetisa, o músico e mais a musa (padriña) do punk enfróntase á súa filosofía, arte e vida desenmarañando paradoxos e furgando na súa personalidade complexa a través de 12 anos de escenarios, danos e palabras.

Joao Miguel, Babu Santana, Fabiula Nascimento, Carlo Briani, Zeca Cenovitz, Paulo Miklos

ESTÓMAGO [7/8/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Marcos Jorge** Guión **Fabrizio Donvito** e **Marcos Jorge** Música **Giovanni Venosta** Produción **Marco Cohen** e **Eduardo Gameiro**

DATOS TÉCNICOS

País **Brasil** Ano **2007** Xénero **Drama**
Duración **100 min**

SINOPSE

Na vida existen persoas que devoran e outras que son devoradas. Raimundo Nonato, o noso protagonista, descobre un camiño á parte, o da cociña e é nas cociñas dun bar de estrada, dun restaurante italiano e mesmo na cociña do cárcere (que fixo para acabar alí?) onde Nonato vive a súa intrigante historia.

E tamén aprende as regras da sociedade de quen manda e de quen obedece; regras que el utiliza no seu propio beneficio, porque os mesmos cociñeiros teñen dereito a comer a súa parte, e eles saben, mellor ca ninguén, cal é a mellor parte.
A vida de Nonato cambia da noite para o día, iniciándose a súa afirmación no mundo. Unha casa, roupa cara, relacións persoais e, sobre todo, o amor dunha muller, unha prostituta de bo apetito coa que establece unha ancestral relación de sexo e comida. Despois, por mor duns desafortunados incidentes, vai parar ao cárcere, onde gana a confianza dun xefe mafioso, xa que ten o don de converter o rancho do cárcere en auténticos pratos exóticos.

Frances Mcdormand (Miss Pettigrew), Amy Adams (Delysia Lafosse), Lee Pace (Michael), Ciarán Hinds (Joe), Mark Strong (Nick), Shirley Henderson (Edythe Dubarry)

MISS PETTIGREW LIVES FOR A DAY [19/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Bharat Nalluri**
Guión **David Magee, Simon Beaufoy** e **Winifred Watson**
Produción **Nellie Bellflower** e **Stephen Garrett**
Música **Paul Englishby**
Fotografía **John de Borman**
Montaxe **Barney Pilling**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Ano **2008**
Xénero **Drama-Comedia**
Duración **92 min**

SINOPSE

Miss Guinevere Pettigrew, unha institutriz londiniense de mediana idade, ve como é despedida inxustamente do traballo. Un novo intento para conseguir un emprego catapúltaa dentro do mundo glamuroso e da vertixinosa vida social da actriz e cantante Delysia Lafosse. En cuestión de minutos, Miss Pettigrew vese envolta polo ambiente da alta sociedade onde descobre o seu propio destino romántico.

Juliette Binoche, Charles Berling, Jérémie Renier, Edith Scob

L'HEURE D'ETÉ [AS HORAS DO VERÁN] [5/6]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Oliver Assayas**
Autor **Oliver Assayas**
Guión **Clémentine Schaeffer**
Fotografía **Eric Gautier**
Montaxe **Luc Barnier**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2008**
Xénero **Drama**
Duración **100 min**

SINOPSE

A película fala de tres irmáns na corentena cuxos camiños chocan cando a súa nai, encargada de xestionar a excepcional colección de arte do século XIX que pertenceu ao seu tío, morre repentinamente. Os tres vanse ver obrigados a entenderse e a limar as diferenzas. Adrienne (Juliete Binoche) é unha deseñadora con éxito en Nova Yok, Frédéric (Charles Berling) un economista e profesor universitario en París e Jérémie (Jérémie Renier) un dinámico home de negocios asentado en China, deberán enfrontarse á fin da súa nenez, memorias compartidas, orixes e a súa particular visión do futuro.

Klaus Barbie, Abderrahmane Benhamida, Bachir Boumaâza, Isabelle Coutant-Peyre, Guillaume Durand, Lionel Duroy, Barbet Schroeder

L'AVOCAT DE LA TERREUR [O AVOGADO DO TERROR] [26/27]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Barbet Schroeder**
Guión **Prosper Keating**
Música **Jorge Arriagada**
Fotografía **Caroline Champetier**
e **Jean-Luc Perréard**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia** Ano **2007**
Duración **135 min** Xénero **Documental**
Data da estrea **12/10/2007**

SINOPSE

Comunista, anticolonialista, extremista de dereitas? Que convicións morais ten Jacques Vergès? Barbet Schroeder condúcenos polos camiños máis escuros da historia nun intento de iluminar o misterio que se esconde tras esta enigmática figura. Durante a guerra de Alxeria, Vergès era un avogado mozo que abrazou a causa anticolonialista, defendeu a Djamila Bouhired, logrou a súa liberdade, casou con ela e tiveron dous fillos. De repente, cando estaba no cumio da súa notable carreira, desapareceu sen deixar rastro durante oito anos. Cando retornou da súa misteriosa ausencia, encargouse da defensa de terroristas de todo tipo, desde Magdalena Kopp a Anis Naccache, pasando por Carlos o Chacal, e representou a monstros da historia como o tenente nazi Klaus Barbie.

Salvatore Cantalupo,Gianfelice Imparato, Maria Nazionale, Toni Servillo

GOMORRA [10/11/12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Matteo Garrone**
Guión **Maurizio Braucci, Ugo Chiti, Gianni Di Gregorio, Massimo Gaudioso, Roberto Saviano** e **Matteo Garrone**
Fotografía **Marco Onorato**
Montaxe **Marco Spoletini**

DATOS TÉCNICOS

País **Italia**
Ano **2008**
Xénero **Ficción**
Duración **135 min**

SINOPSE

Poder, diñeiro e sangue: estes son os valores cos que os residentes da provincia de Nápoles e Caserta teñen que enfrontarse todos os días. Case nunca teñen a posibilidade de elixir, e case sempre son obrigados a obedecer as regras do sistema da Camorra. Só uns poucos afortunados poden chegar a pensar en levar unha vida normal. Cinco historias entrelázanse neste escenario de violencia, nun cruel e aparentemente imaxinario mundo, pero que está profundamente arraigado na realidade.

Liu Weiwei (Mei Zhu), Zhang Jiayu (Xiao Lu), Yu Nan (Dong Fan), Cheng Kaisheng (Lao Xie), Zhang Chuqian (Hehe)

ZUO YOU [IN LOVE WE TRUST] [26/27/28/29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Wang Xiaoshuai**
Guión **Wang Xiaoshuai**
Produción **Huang Bin** e **Isabelle Glachant**
Música **Dou Wei**
Fotografía **Wu Di**
Montaxe **Yang Hongyu**
Dirección artística **Lu Dong**

DATOS TÉCNICOS

País **China**
Ano **2007**
Duración **115 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Unha parella divorciada decátase de que a única forma de salvar a Hehe, a filla dos dous, que sofre unha enfermidade do sangre, é ter outro fillo. Os dous volveron casar e vense obrigados a poñer a proba o seu amor e mais a entrega facendo perigar a relación cos actuais cónxuxes. Unha historia de paternidade e maternidade, vida en parella, traizón, confianza e amor, que fala dos cambios na sociedade actual e na vida familiar, e dos dilemas éticos e morais que achega esta nova sociedade.

Unax Ugalde (Miguel), Bárbara Goenaga (Margari), Guillermo Toledo (Antonino), Joseba Apaolaza (Bispo), Mikel Tello (Capitán da Falanxe), Maribel Salas (Resu), Klara Badiola (Clara), Magdalena Aizpurua (Antxoni), Susana Gómez (Arantxa), Cándido Uranga (Lucio), Loquillo (Xefe da Falanxe)

LA BUENA NUEVA [4/5]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Helena Taberna**
Guión **Helena Taberna** e **Andrés Martorell**
Música **Ángel Illarramendi**
Fotografía **Gonzalo Berridi**
Montaxe **Nino Martínez Sosa**

DATOS TÉCNICOS

País **España** Ano **2008**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Miguel (Unax Ugalde) é nomeado párroco dunha aldea socialista coincidindo coa sublevación de 1936. Desde o inicio da guerra, a aldea é ocupada polo bando nacional e axiña veñen os fusilamentos. Na súa loita por defender os represaliados, Miguel enfróntase coa xerarquía eclesiástica e militar e mesmo pon en xogo a súa propia vida. Baseada nunha historia real, a película recolle con fidelidade histórica o apoio da Igrexa Católica ao levantamento contra a República, bautizado como "Santa Cruzada". Ao longo de tres anos de Guerra Civil, Miguel sente como o propio clero se afasta do evanxeo ao amparar a represión dos sublevados contra a poboación civil. O protagonista encarna a forza das propias convicións e mais a coherencia persoal, nunha chamada apaixonada e atemporal contra a inxustiza. Miguel atopa refuxio na amizade coa mestra da aldea, cuxo marido foi asasinado ao comezo da contenda. A relación con Margari (Bárbara Goenaga) supón o contrapunto ao desencanto do párroco e o seu único apoio nun camiño que debe percorrer só.

Nadim Sawalha, Hussine Al-souse, Udey Al-qadise, Ayat Najah Abd Al-sadeq, Khaled Al-safi

CAPTAIN ABU RAED [CAPITÁN ABU RAED] [28/29/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Amin Matalqa**
Produción **Kenneth Kokin**, **Laith Majali, Amin Matalqa** e **Nadine Toukan**
Guión **Amin Matalqa**
Música **Austin Wintory**
Fotografía **Reinhart 'rayteam' Peschke**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Captain Abu Raed**
País **USA**
Ano **2007**
Duración **110 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Un home de moitos, moitos, moitos anos, antigo bedel do aeroporto, convértese por obra e graza dunha gorra de capitán no home ao que todos os rapaces do barrio queren escoitar. El conta, inventa, historias dun mundo que nunca visitou; eles, imaxinación desbordada, sorriso satisfeito, pensan que ese é o mundo que quererían visitar.

CARTAS ITALIANAS [11 / 15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Mario Iglesias González**
Guión **Mario Iglesias González**
Produción executiva **Daniel Froiz Guede** e **José Víctor Fuentes**
Produtor asociado **Fernando Cortizo Rodríguez**
Dirección da fotografía **Mario Iglesias González**
Montaxe **Mario Iglesias González**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Formato **Longametraxe**
Xénero **Drama**
Ano **2007**
Estrea **22/05/2008**

SINOPSE

Cartas Italianas é a terceira longametraxe do director pontevedrés Mario Iglesias.
O filme conta o encontro entre dous mundos opostos, desde unha perspectiva poética e intimista. Por unha banda, o mundo de Eloisa, fotógrafa italiana que, desde ben nova, viaxa polo mundo, e que pola súa profesión, recala en La Palma. E o mundo de Atilano, un camelo galego que vai parar á illa coa intención de abrir mercado para a cocaína coa que trafica.
No transcurso do filme vanse entrelazando historias da vida cotiá de múltiples personaxes.

Yavuz Bingol, Hatice Aslan, Rifat Sungar, Ercan Kesal, Cafer Köse, Gürkan Aydin

ÜÇ MAYMUN [THREE MONKEYS] [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Nuri Bilge Ceylan**
Guión **Ebru Ceylan** e **Nuri Bilge Ceylan**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia, Italia** e **Turquía**
Ano **2008**
Xénero **Drama**
Duración **109 min**

SINOPSE

Unha familia, desfeita a forza de pequenos segredos transformados en grandes mentiras, intenta desesperadamente manterse a flote negándose a se enfrontar coa realidade. Para non ter que aguantar probas e responsabilidades demasiado pesadas, escolle negala, non a ver, nin oír nin falar sobre iso, coma na fábula dos "Tres monos". Pero abonda xogar aos tres monos para borrar toda a verdade?

Thure Lindhardt, Mads Mikkelsen, Stine Stengade, Peter Mygind, Hanns Zischler, Christian Berkel

FLAMMEN & CITRONEN [FLAME & CITRON] [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ole Christian Madsen**
Guión **Lars K. Andersen** e **Ole Christian Madsen**
Fotografía **Jørgen Johansson**
Montaxe **Søren B. Ebbe**
Música **Karsten Fundal**
Produción **Lars Bredo Rahbek**

DATOS TÉCNICOS

Título internacional **Flame & Citron**
Título orixinal **Flammen & Citronen**
País **Dinamarca, DE**
Ano **2006**
Duración **135 min**
Xénero **Ficción**

SINOPSE

Copenhague, 1944. Dinamarca está ocupada pola Alemaña nazi. Flame e Citron son dous lendarios combatentes da resistencia encargados de liquidar os informadores daneses. Por orde do seu comandante, tamén aceptan matar alemáns. Con todo, cando se lle encargue a Flame que execute a súa noiva Ketty, unha enigmática mensaxeira de Estocolmo, cuestionará as ordes que lle deron e preguntarase quen é Ketty en realidade. Na loita pola liberdade, nada é branco nin negro, e cada vez resulta máis difícil saber quen son os amigos e quen os inimigos. Baseada nunha historia real.

Sophie Marceau, Marie Gillain, Julie Depardieu, Déborah François, Julien Boisselier, Moritz Bleibtreu, Maya Sansa, Vincent Rottiers

LES FEMMES DE L'OMBRE [FEMALE AGENTS] [21/22/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jean-Paul Salomé**
Guión **Jean-Paul Salomé** e **Laurent Vachaud**
Fotografía **Pascal Ridao**
Montaxe **Françoise Dupertuis**
Escenografía **Pierre-Jean Larroque**
Produción **Eric Névé**

DATOS TÉCNICOS

Título internacional **Female Agents**
Título orixinal **Les femmes de l'ombre**
País **Francia**
Ano **2007**
Xénero **Ficción**
Duración **118 min**

SINOPSE

Ambientado durante a Segunda Guerra Mundial, o filme narra a historia dun grupo de mulleres da Resistencia francesa.

Ohad Knoller, Yousef 'Joe' Sweid, Daniela Virtzer, Alon Friedman, Zohar Liba, Tzion Baruch, Oded Leopold, Roba Blal, Shredi Jabarin, Yael Zafrir, Noa Barkai

HA-BUAH [THE BUBBLE] (A BURBULLA) [14/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Eytan Fox**
Guión **Eytan Fox** e **Gal Uchovsky**
Música **Ivri Lider**
Fotografía **Yaron Scharf**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Ha- Buah (The Bubble)**
País **Israel**
Ano **2006**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Tres mozos israelís comparten apartamento nun barrio hippy de Tel-Aviv. Lulu é dependenta nunha pequena tenda; Yali é o encargado dun café de moda e Noam pasa as fins de semana servindo en puntos de control da Garda Nacional. Os tres amigos tratan de vivir á marxe dos conflitos sociais e políticos, a miúdo son acusados, por iso, de vivir nunha burbulla. Todo se complica cando Noam se namora de Ashraf, un rapaz palestino.

Simon Yam, Lam Ka Tung, Kelly Lin, Lo Hoi Pang, Law Wing Cheong, Kenneth Cheung

MAN JEUK [SPARROW] [8/9/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Johnnie To** Guión **Kin Chung Chan** e **Aoi-Hoy Yan** Produción **Johnnie To**

DATOS TÉCNICOS

País **Hong Kong** Ano **2008** Duración **87 min**

SINOPSE

A última película do sempre prolífico e intenso Johnnie To é unha obra que foi filmando ao longo de tres anos e que seguramente sorprenderá os seus numerosos fans. Retrato do Hong Kong urbano, ultramoderno e desordenado, Sparrow segue as coitas duns rateiros que viven ao día, encarnados polos habituais actores de To, Simon Yam e Lam Ka-tung. Kei é un *sparrow* –termo que se utiliza en Hong Kong para denominar os carteiristas de pouca importancia– moi profesional. El e os tres compañeiros ganan a vida bastante ben roubando á xente que camiña polas rúas da cidade. Para Kei este é o mellor modo de vida que existe. Unha das paixóns do protagonista é a de percorrer en bicicleta as rúas e mais as avenidas de Hong Kong e inmortalizar algunhas escenas facendo fotografías. Un día queda abraiado cando ve unha muller que se chama Chun Lei; sente que foi un amor a primeira vista pola súa beleza arrebatadora. Con todo, esta esconde un pasado algo turbio e só ten un obxectivo: que os catro se encarguen de roubar unha chave de vital importancia para ela. A tarefa parécelles algo simple a primeira vista, pero están equivocados. Coa aparencia dunha película lixeira, Johnnie To realiza unha verdadeira carta de amor á capacidade cambiante e á continua renovación da súa cidade.

Masahiro Kobayashi,
Makiko Watanabe

AI NO YOKAN [THE REBIRTH] [12/13/14]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Masahiro Kobayashi**
Guión **Masahiro Kobayashi**
Produción **Naoko Kobayashi**

DATOS TÉCNICOS

País **Xapón** Ano **2007** Duración **102 min**

SINOPSE

Unha moza asasina a puñaladas un compañeiro de colexio. Un ano despois, a nai da homicida e o pai da vítima atópanse. Ela é a cociñeira do hostal onde vive el. Aínda que desde o primeiro momento saben quen é o outro, nin se miran nin falan entre eles. Pero os dous recoñécense compañeiros de viaxe na dor. Unha historia inzada de silencios, que vai da desesperación á redención, a través de dous personaxes que claudicaron ante a vida e que seguen a súa rutina e mais o traballo de forma mecánica, co único son dos pratos, as portas ou o interior dunha fábrica como fondo. O director de culto Masahiro Kobayashi ganou con esta obra o premio Leopardo de Ouro na última edición do Festival de Locarno. Coma no resto dos filmes do director, a soidade e a ausencia seguen sendo unha constante en *The Rebirth*, se ben nesta ocasión Kobayashi consegue ir máis aló, nunha clara alusión ao renacemento do que fala o título.

Kåre Hedebrant, Lina Leandersson,
Per Ragnar, Henrik Dahl, Karin
Bergquist, Peter Carlberg

LÅT DEN RÄTTE KOMMA IN [26/27/28/30] [LET THE RIGHT ONE IN]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tomas Alfredson**
Guión **John Ajvide Lindqvist**
Música **Johan Söderqvist**
Fotografía **Hoyte Van Hoytema**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Låt den rätte komma in**
País **Suecia**
Ano **2008**
Duración **114 min**

SINOPSE

Oskar, un tímido mozo de 12 anos, aterrorizado por uns matóns, faise amigo de Eli, unha misteriosa veciña, cuxa chegada coincide cunha serie de misteriosas mortes. A pesar de que o rapaz pensa que ela é un vampiro, intenta que a súa amizade estea por encima do seu medo.

Liu Dan, Qi Dao, Xu Wei, Wu Yuxi, Wang Zhenjia, Meng Haiyan

YE CHE [NIGHT TRAIN] [25/27/1D]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Diao Yi Nan**
Guión **Diao Yi Nan**
Produción **Ho-Hi Pictures**, **DViant Films** e **Fonds Sud Cinema**

DATOS TÉCNICOS
País **China**
Ano **2007**
Duración **94 min**

SINOPSE

Producida á marxe da oficialidade chinesa, a segunda película do director da sobranceira *Uniform*, é unha obra visceral e brutalmente honesta, que retrata a soidade dunha muller confrontada cos seus desexos e a súa desesperación. Protagonizada por unha funcionaria de prisións, espectadora muda da intransixencia e a inxustiza nun corredor da morte, que no tempo libre busca parella a través dunha axencia matrimonial. Tras unhas cantas citas desastrosas, un home misterioso acudirá no seu rescate e sentirase atraída por el ata que descobre que esconden as súas intencións reais. Ao xeito de Jia Zhangke, as transformacións sociais e a progresiva industrialización dunha empobrecida rexión, actúan como pano de fondo sobre o que se moven uns personaxes superados polos seus conflitos emocionais, pola súa radical soidade e polos imprevisibles efectos das reaccións humanas. A pesar de todo, o director dota a súa protagonista dunha fortaleza e unha dignidade que parecen impoñerse poderosamente ás adversas circunstancias.



Connie Nielsen (Diana de Monx), Charles Berling (Hervé Le Millinec), Chloë Sevigny (Elise Lipsky), Gina Gershon (Elaine Si Gibril), Dominique Reymond (Karen), Jean-Baptiste Malartre (Henri-Pierre Volf), Edwin Gerard (Edward Gómez), Thomas M. Pollard (Avogado americano), Abi Sakamoto (Kaori), Julie Brochen (Gina)

DEMONLOVER [24/25]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Edouard Weil** e **Xavier Giannoli**
Música **Sonic Youth** Montaxe **Luc Barnier**

DATOS TÉCNICOS
País **Francia** Ano **2002** Duración **129 min**
Xénero **Intriga**

SINOPSE

Diane (Connie Nielsen) ten case trinta anos. Traballa nunha multinacional que dirixe Henri-Pierre Volf (Jean-Baptiste Malartre). A empresa está diversificando as actividades –xa abarca desde o negocio inmobiliario ata o deseño de roupa– e actualmente negocia a adquisición de TokyoAnime, unha empresa xaponesa que produce un novo tipo de manga cunha versión pornográfica en 3D que vai esnaquizar a competencia nun mercado extraordinariamente lucrativo. Dúas compañías loitan por conseguir os dereitos exclusivos de distribuír na rede as novas imaxes de Volf: Mangatronics e Demonlover. Mangatronics contratou a Diane para que traballe como espía industrial e faga todo o posible desde dentro para torpedear as opcións de Demonlover. A conexión de Demonlover con varias web violentas e pornográficas son un punto débil na súa relación co Grupo Volf, que non sabe nada de que existe.

Jürgen Vogel, Rainer Wenger

DIE WELLE [A ONDA] [16/17/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Dennis Gansel**
Guión **Dennis Gansel, Todd Strasser** e **Peter Thorwarth**
Produción **Nina Maag**
Música **Heiko Maile**
Fotografía **Torsten Breuer**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Die Welle**
Xénero **Drama**
País **Alemaña**
Duración **101 min**
Ano **2008**

SINOPSE

No outono de 1967 Ron Jones, un profesor de historia dun instituto de Palo Alto en California, non tivo resposta para a pregunta dun dos seus alumnos: Como é posible que o pobo alemán alegue ignorancia ante o masacre do pobo xudeu? Nese momento Jones decidiu facer un experimento cos seus alumnos: instituíu un réxime de extrema disciplina na clase, restrinxiulles as liberdades e fíxoos formar en unidade. O nome deste movemento foi The Third Wave. Ante o asombro do profesor, os alumnos entusiasmáronse ata tal punto que aos poucos días empezaron a espiarse uns a outros e a acosar os que non se querían unir ao grupo. Ao quinto día Ron Jones viuse obrigado a acabar co experimento antes de que chegara demasiado lonxe.

Mathieu Amalric (Gabriel), Virginie Ledoyen (Anne), Francois Cluzet (Adrien), Jeanne Balibar (Jenny), Nathalie Richard (Maryelle)

FIN AOÛT, DÉBUT SEPTEMBRE [9/14] [FINAIS DE AGOSTO, PRINCIPIOS DE SETEMBRO]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Georges Benayoun** e **Philippe Carcassone**
Fotografía **Denis Lenoir**
Montaxe **Luc Barnier**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Fin août, début septembre**
Ano **1998** País **Francia** Estrea **11-06-99**
Xénero **Drama** Duración **112 min**

SINOPSE

Adrien vai morrer. A enfermidade que o persegue desde hai tempo faise visible e non pode disimulala ante os amigos. O baleiro que provocará a súa ausencia empeza a se facer sentir, especialmente para Gabriel, un dos seus amigos máis íntimos.

Karl Heinz Böhm, Moira Shearer, Anna Massey, Maxine Audley, Brenda Bruce, Esmond Knight

PEEPING TOM [O FOTÓGRAFO DO PÁNICO] [29/2D/3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Michael Powell**
Guión **Leo Marks**
Produción **Michael Powell**
Fotografía **Otto Heller**
Música **Brian Easdale**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Peeping Tom** Duración **07 min**
Xénero **Suspense**

SINOPSE

Mark Lewis, un cineasta compulsivo que vai por aí cunha cámara de cinema escondida debaixo do abrigo, aborda unha prostituta do barrio chinés londiniense. Xa no piso dela, asasínaa mentres se está espindo, e filma a expresión de horror da súa cara, que despois contempla nunha proxección na súa casa. Unha tras outra vai matando mulleres indefensas para filmar a súa agonía.

FLORES TRISTES [21/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manuel Abad Abad**
Guión **Manuel Abad Abad**
Produción **Manuel Abad Abad**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2008**
Xénero **Documental**
Duración **120 min**
Data da estrea: **20/11/2008**

SINOPSE

Durante a guerra civil española (1936/1939), as cunetas dos principais camiños e estradas de Galicia, enchéronse de mortos. A represión foi feroz: o exercito sublevado, en complicidade con organizacións parapoliciais e simpatizantes profascistas dedicáronse á "limpeza espiritual" das terras que ían conquistando militarmente.
As zonas que desde o principio da guerra quedaron do lado rebelde sufriron particularmente con máis saña esta represión. É o caso de Galicia, cuxo illamento secular, por un lado fisicamente do resto de España, e por outro coa súa fronteira con Portugal, fixo desta zona unha especie de ensaio das técnicas do terror. Os cadáveres tirados polas cunetas servían de exemplo significativo para a implantación deste terror. A súa lenta descomposición ao aire durante días regaba con sangue a terra fecundando as plantas. As plantas, as humildes plantas das cunetas recibiron a semente viva destes mortos e rebentaron en flores, flores fermosas e tristes que aínda hoxe se ven nestes camiños
Tratase pois de realizar unha película-documental sobre o acontecido nunha época histórica: a que transcorre antes, durante e inmediatamente despois da guerra civil española de 1936. E nunha zona concreta: Galicia e a relación co seu contorno: Portugal e España.

MANUEL E ELISA [O TRINTA] [13/14/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manuel Fernández Valdés**
Guión **Manuel Fernández Valdés**
Produción **Fernanda del Nido** e **Teresa Fernández-Valdés**
Fotografía **Manuel Fernández Valdés**
Montaxe **Manuel Fernández Valdés**
Son **Carlos Vázquez Méndez**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Xénero **Documental**
Duración **90 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**
Data estrea: **13/11/2008**

SINOPSE

O documental *Manuel e Elisa* retrata a vida cotiá dunha parella de anciáns que se enfrontan con valentía á derradeira etapa das súas vidas: Manuel e Elisa A vida cotiá do matrimonio será a encargada de determinar a liña argumental de noso documental, de maneira que o seu carácter falangueiro e alegre, aínda que escéptico e irónico, marcará o ton do relato e a propia rutina dos nosos protagonistas o ritmo do mesmo.

Compartir con Manuel e Elisa os seus derradeiros esforzos por traballar no campo, acompañalos nas súas doenzas físicas, descubrir a súa complicidade, vivir desde dentro o clima social da súa aldea e ser testemuñas da forma na que se enfrontan coa vida, é a chave da nosa historia. Unha historia que esixe pola súa temática unha proximidade absoluta entre o equipo de traballo e os nosos protagonistas, forma de traballo formulada desde o principio para captar con total naturalidade o día a día desta parella anciá. Que a cámara non implique unha distancia entre uns e outros. Que se estableza unha relación de confianza tal, que non haxa oco á intimidación, deixando que os acontecementos diarios simplemente transcorran.

Don Cheadle (Samir Horn), Guy Pearce (Roy Clayton), Neal McDonough (Max Archer), Saïd Taghmaoui (Omar), Mozhan Marno (Leyla), Jeff Daniels (Carter), Archie Panjabi (Chandra), Aly Khan (Fareed)

TRAITOR [30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jeffrey Nachmanoff**
Guión **Jeffrey Nachmanoff**; baseado nun argumento de **Steve Martin** e **Jeffrey Nachmanoff**
Produción **David Hoberman, Jeffrey Silver** e **Todd Lieberman**
Música **Mark Kilian**
Fotografía **J. Michael Muro**

DATOS TÉCNICOS

País **USA** Ano **2008** Xénero **Intriga, drama**

SINOPSE

O argumento de *Traitor* preséntanos un complexo crebacabezas de espionaxe, contraespionaxe e operacións encubertas no que nada é o que parece. Don Cheadle interpreta un axente da CIA que está infiltrado nun grupo terrorista, pero que acabará sendo sospeitoso de se pasar ao inimigo. Guy Pearce é o axente do FBI que investiga o seu caso e destapa a presunta traizón.

Alejandro Tocar (Rafa Bregman), Yoel Bercovici (Rony), Igal Label (Andy), Gustavo Melnik (Simón Bregman), Julia Catalá (Eva), Belén Pouchan (Nicole)

ACNÉ [9/10/11]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Federico Veiroj**
Guión **Federico Veiroj**
Produción **Fernando Epstein**
Fotografía **Bárbara Álvarez**

DATOS TÉCNICOS

Países **Uruguay, Arxentina, México** e **España**
Ano **2007**
Duración **90 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

Rafael Bregman (Alejandro Tocar), de 13 anos, perdeu a virxindade pero nunca lle deu un bico a unha moza. Para alcanzar o seu soño deberá combater a acne, loitar contra a súa torpeza, ganarlle á timidez, en resumo, asumir a adolescencia.

Xenia Rappoport (Irena), Michele Placido (Muffa), Claudia Gerini (Valeria Adacher), Piergrancesco Favino (Donato Adacher), Margherita Buy (Avogado), Alessandro Haber (Porteiro), Piera Degli Esposti (Gina), Clara Dossena (Thea Adacher), Ángela Molina (Lucrezia)

LA SCONOSCIUTA [A DESCOÑECIDA] [25/26/27/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Giuseppe Tornatore**
Guión **Giuseppe Tornatore**
Produción **Laura Fattori**
Música **Ennio Morricone**
Fotografía **Fabio Zamarion**
Montaxe **Massimo Quaglia**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **La sconosciuta**
Países **Italia** e **Francia**
Ano **2006**
Duración **118 min**
Xénero **Drama, intriga**

SINOPSE

Irena (Xenia Rappoport), unha moza ucraína cun pasado cheo de violencia e humillacións, múdase a unha cidade italiana onde consegue traballo como empregada doméstica para unha familia de ourives: os Adacher. Irena encaríñase coa familia, e sobre todo coa meniña, Tea, que padece unha enfermidade neuroló-xica moi peculiar. Aínda que Irena non é quen de superar por completo os horrores da súa vida, segue adiante grazas ao recordo dun amor atormentado, melancólico e perdido. Pouco a pouco vaise integrando na familia e gana a súa confianza. Pero o pasado aínda non acabou de axustar as contas con ela. Os seus pesadelos vanse converter en realidade coa reaparición de Muffa (Michele Placido), un antigo proxeneta que trae consigo novos horrores, violencia e traxedia.

CARL GUSTAV JUNG [14/17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Salomón Shang**
Guión **Salomón Shang**
Produción **Patricia Roda**
Música **Manuel Ruiz**
Fotografía **Salomón Shang**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2007**
Duración **76 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

En setembro de 1957, o filósofo Carl Gustav Jung —coñecido por ser o principal opositor ás teorías de Freud— foi entrevistado en Houston. Parte desa entrevista foi filmada en 16 mm. Tras a revisión das imaxes, o material filmado foi censurado en numerosos países, ata que rematou no esquecemento, perdido nun almacén de América Central. Xusto 50 anos despois, tras varios anos de busca das imaxes polo mundo e unha difícil reconstrución e restauración das mesmas, o cineasta Salomón Shang, ofrécenos na gran pantalla a case totalidade da entrevista a unha eminencia da filosofía e da historia da psicoloxía.

Bono, Terry Chimes, John Cusack, Johnny Depp, Dick Evans, Steve Buscemi, John Cooper Clarke, Peter Cushing, Matt Dillon, Jim Jarmusch, Alasdair Gillis

JOE STRUMMER: THE FUTURE IS UNWRITTEN [4/7]
[JOE STRUMMER: VIDA E MORTE DUN CANTANTE]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Julien Temple**
Produción **Amanda Temple, Anna Campeau** e **Alan Moloney**
Música **The Clash**
Fotografía **Ben Cole**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Joe Strummer: The future is unwritten**
Países **Irlanda** e **Reino Unido**
Ano **2007**
Duración **123 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Como líder de The Clash, desde 1977, Joe Strummer (21 de agosto de 1952 – 22 de decembro de 2002) cambiou a vida de moita xente para sempre. Cinco anos despois do seu pasamento, aínda se pode sentir a súa influencia en todo o mundo, e mesmo con máis forza ca nunca. En *Joe Strummer: Vida e morte dun cantante* do director británico Julien Temple, amósase a Joe Strummer, non só como unha lenda ou un músico, senón tamén como un comunicador da nosa época. Recorrendo á súa historia punk e á amizade que xurdiu entre o director e o protagonista, a película é unha auténtica e merecida homenaxe ao Joe Strummer de antes, durante e despois de The Clash.

Parker Posey (Fay Grim), Jeff Goldblum (Fullbright), James Urbaniak (Simon Grim), Saffron Burrows (Juliet), Liam Aiken (Ned Grim), Elina Löwensohn (Bebe), Leo Fitzpatrick (Carl Fogg), Chuck Montgomery (Angus James), Thomas Jay Ryan (Henry Fool), Harald Schrott (Andre)

FAY GRIM [21/22/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Hal Hartley**
Guión **Hal Hartley**
Produción **Hal Hartley, Michael S. Ryan, Martin Hagerman, Jason Kliot** e **Joana Vicente**
Música **Hal Hartley**
Fotografía **Sarah Cawley**

DATOS TÉCNICOS

Países **USA** e **Alemaña**
Ano **2006**
Duración **118 min**
Xénero **Intriga**

SINOPSE

Fay Grim (Parker Posey) é unha nai solteira que está obsesionada coa educación de Ned (Liam Aiken), o seu fillo de 14 anos. Quere evitar como sexa que siga os pasos do seu pai, Henry Fool (Thomas Jay Ryan), que sete anos atrás matou accidentalmente un veciño e desapareceu sen deixar rastro. Fay Grim é coaccionada por un axente da CIA (Jeff Goldblum) para que atope uns cadernos do seu fuxitivo ex-marido que conteñen información que compromete a seguridade de Estados Unidos.

Galina Vishnevskaya (Aleksandra), Vasily Shevtsov (Denis), Raisa Gichaeva (Malika), Evgeni Tkachuk, Rustam Shakhgireyev, Alexander Aleshkin, Konstantin Gaiduk, Valentin Kuznetsov Sergei Lobsev, Ali Aliev, Sultan Dokaev Alexander Udaltsov

ALEKSANDRA [10/11/12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alexander Sokurov**
Guión **Alexander Sokurov**
Produción **Andrei Sigle**
Música **Andrei Sigle**
Fotografía **Alexander Burov**

DATOS TÉCNICOS

Países **Rusia** e **Francia**
Ano **2007**
Duración **95 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Chechenia, hoxe en día. Tropas de posición rusas. Aleksandra Nikolaevna foi visitar o seu neto, un dos mellores oficiais da unidade. Pasará con el uns días e descubrirá un mundo novo. Trátase dun mundo de homes no que non hai mulleres, non hai cariño, non hai consolo. A vida é insignificante e cada un escóndea celosamente dos demais. Quizais non hai nin enerxía nin tempo para os sentimentos. Cada día, cada hora, todo se debate entre a vida e a morte. E a pesar diso, trátase dunha comunidade na que viven persoas.

Maggie Cheung (Emily), Nick Nolte (Albrecht Hauser), Béatrice Dalle (Elena), Jeanne Balibar (Irène), Don McKellar (Vernon), Martha Henry (Rosemary), James Johnston (Lee), James Dennis (Jay), Rémi Martin (Jean-Pierre), Laetitia Spigarelli (Sandrine)

CLEAN [8/10/11/12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Edouard Weil, Xavier Giannoli, Xavier Marchand** e **Niv Fichman**
Fotografía **Eric Gautier**
Montaxe **Luc Barnier**
Vestiario **Anaïs Romand**

DATOS TÉCNICOS

Países **Canadá, Francia** e **Reino Unido**
Ano **2004**
Duración **110 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Despois de varios anos vivindo xuntos, Lee Hauser (James Johnston) e Emily Wang (Maggie Cheung) están acabados. Lee é un mítico músico dos anos 80 e o diñeiro fácil e mais a fama levounos á ruína, a deixar un fillo baixo os coidados dos pais deste e á droga. Cando Lee aparece morto por mor dunha sobredose nun motel, Emily é arrestada por posesión de drogas e vai parar ao cárcere. Seis meses despois é posta en liberdade e decide ir a París, onde viviu nunha ocasión, e empezar de novo. Pero todo está moi cambiado e o único co que se sente ligada é co seu fillo, Jay (James Dennis). Pero se quere volver ver o seu fillo ten que atopar un traballo e deixar a metadona que empezou a tomar na cadea. Emily comeza unha batalla diaria por atopar un lugar nun mundo que non a quere. Será quen de aproveitar a oportunidade que lle ofrece o destino?

Filipe Duarte, Isabel Abreu, Lavínia Moreira, Gonçalo Waddington, Fernanda Lapa

ENTRE OS DEDOS [11/12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tiago Guedes** e **Frederico Serra**
Guión **Rodrigo Guedes de Carvalho**
Fotografía **Paulo Ares**
Montaxe **Mair Tavines** e **Mariana Gaivad**
Música **Jorge Coelho**

DATOS TÉCNICOS

Países **Portugal-Brasil**
Duración **100 min**

SINOPSE

Paulo perde o emprego despois de denunciar un accidente na obra onde traballa. A relación coa súa muller cada día vai a peor. Bela, a irmá de Paulo, vive co seu pai, que padece unha síndrome de posguerra. Ela é enfermeira e o único consolo do enfermo terminal. Ás familias modernas cústalles enfrontarse co que lles tocou vivir. Algunhas, desafiantes, loitan; outras perden a esperanza e abandónanse.

Yun-mi, Jo Yeong-jin, Park Hyeon-woo, Gang Su-yun, Jin Yim-taek, Yu Sun-cheol

GEOMEN TANGI SONYEO OI [17/18/20/21] [WITH A GIRL OF BLACK SOIL]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jeon Soo-il**
Guión **Jeon Soo-il** e **Jeong Sun-yeong**
Produción **Dongnyuk Film**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Geomen Tangi Sonyeo Oi**
País **Corea do Sur**
Ano **2007** Duración **90 min**

SINOPSE

Unha historia da loita pola supervivencia, ambientada nunha aldea que depende dunha mina que logo vai ser demolida. A pequena filla de oito anos dun dos mineiros ten que asumir a carga de sacar adiante a familia cando o seu pai perde o traballo por mor dunha enfermidade e se abandona definitivamente á depresión. Pero as solucións, sen sombra de moralidade, que atopa a meniña –unha auténtica "roubaplanos"– terán consecuencias tráxicas. Retrato escuro dunha sociedade incapaz de coidar dos máis desvantaxados, *With A Girl Of Black Soil* é unha película que se apoia nun elenco que destila pura alquimia e que apela á inmediata empatía. Realizada cunha grande economía de medios, unha obra de grande intensidade emocional, de ton comedido e unha rara sutilidade que escapa aos lugares comúns.

Tadanobu Asano, Aliya, Tegen Ao, Ying Bai, Khulan Chuluun, Bao Di, Bayertsetseg Erdenebat, Deng Ba Te Er, Sun Honglei

MONGOL [23/26/30/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Sergei Bodrov**
Guión **Arif Aliyev** e **Sergei Bodrov**
Música **Tuomas Kantelinen**
Fotografía **Rogier Stoffers** e **Sergei Trofimov**

DATOS TÉCNICOS

País **Kazakstán**
Ano **2007**
Duración **126 min**
Xénero **Drama, aventuras**

SINOPSE

Narra a vida de Genghis Khan desde a escravitude ata que conquistou a metade do mundo incluída Rusia en 1206.

María Ponce, Antonio Ponce, José Medina, L. Hernández, Ricardo de Valle, Fabiene Vennete, José María Salvador, Santos Funes

DE NADIE [6/7/9/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tin Dirdamal**
Produción **Tin Dirdamal**
Guión **Lizzette Argüello** e **Iliana Martínez**
Fotografía **Tin Dirdamal** e **Iliana Martínez**
Edición **Tin Dirdamal**
Son **Héctor Cadena**
Música **Alfonso M. Ruibal**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2005**
País **México / Cor**
Xénero **Documental**
Duración **82 min**

SINOPSE

A historia de María, unha emigrante centroamericana que abandona o fogar e se dirixe cara a Estados Unidos en busca dunha vida mellor. O seu paso por México convértese nun auténtica pesadelo. Este documental trata sobre a coraxe dos emigrantes centroamericanos e sobre a inxustiza da situación que viven cando atravesan México. Son torturados, violados, roubados e asasinados por distintos grupos: a policía mexicana, as mafias, os empregados do ferrocarril, etc.

Emmanuelle Béart, Charles Berling, Isabelle Huppert, Olivier Perrier, Dominique Reymond, Julie Depardieu

LES DESTINÉES SENTIMENTALES [14/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas** e **Jacques Fieschi**
Fotografía **Eric Gautier**
Música **Guillaume Lekreu**
Montaxe **Luc Barnier**
Produción **Bruno Pésery**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Les destinées sentimentales**
País **Francia**
Ano **2000**
Duración **180 min**

SINOPSE

Pauline e Jean coñécense durante un baile. Ela ten vinte anos, el é un pastor protestante, casado e pai de familia, resignado ao fracaso da súa unión con Nathalie.

Hou Hsiao Hsien, Lin Giang, Kao She, Che Kuo Fu

HHH, UN PORTRAIT DE HOU HSIAO HSIEN [11 / 13 / 17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Xavier Carniaux**
Fotografía **Eric Gautier**
Montaxe **Marie Lecoeur**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **HHH, un portrait de Hou Hsiao Hsien**
Países **Francia-Taiwán**
Ano **1997**
Duración **91 min**

SINOPSE

Assayas viaxa a Taiwán para atoparse con Hou Hsiao Hsien. Entre o admirador e o seu obxecto de desexo brota o idilio a base de diálogos sobre usos cinematográficos, abusos estilísticos, afinidades narrativas e resistencias contra o cinema corporativo.

Maggie Cheung, Jean-Pierre Léaud, Nathalie Richard, Antoine Basler, Nathalie Boutefeu, Arsinée Khanjian

IRMA VEP [21 / 22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Georges Benayoun**
Fotografía **Eric Gautier**
Montaxe **Luc Barnier**
Música orixinal **Ry Cooder, Serge Gainsbourg** e **Sonic Youth**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Irma Vep**
País **Francia** Ano **1996**
Duración **96 min**

SINOPSE

Un director intenta rodar un *remake* do clásico mudo *Les vampires*. A rodaxe axiña se revela caótica cando o director non aparece polo escenario.

Antonio "Taco" Larreta, Maria del Carmen Giménez, Emilse Roldán, Roberto Rovira, Alberto Ledesma, Marta Hermida, Arturo Goetz, Marcos Lezama, Marina Glazer, Luis Luque, Jorge Diez, Carla Peterson

LA VENTANA [28/29/30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Carlos Sorín**
Guión **Carlos Sorín,** coa colaboración de **Pedro Mairal**
Música **Nicolás Sorín**
Fotografía **Julian Apesteguia**
Montaxe **Mohamed Rajid**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina** Xénero **Drama**
Ano **2008**

SINOPSE

Antonio é un home de 86 anos que tivo un problema cardíaco e espera polo seu fillo que, informado, regresa de Europa. Esas doce horas de espera, do amencer á tardiña, é o que se conta na película. Non fala sobre o tempo, sobre o fluír do tempo...

Judith Grodréche, Jean-Pierre Léaud, Thomas Langmann, Antoine Basler, Martin Lamotte, Ounie Lecomte, Eric Daviron

PARIS S'EVEILLE [12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Bruno Pésery**
Fotografía **Denis Lenoir**
Montaxe **Luc Barnier**
Música orixinal **John Cale**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Paris s'eveille**
País **Francia** Ano **1991**
Duración **95 min**

SINOPSE

Adrien, un mozo de 19 anos foxe da policía e instálase na casa do seu pai, un home inestable que vive cunha moza adicta ás drogas.

Clotilde de Bayser, Michel Feller, Marie Matheron, Jean-Philippe Ecoffey, Gérard Blain, Anouk Grinberg

L'ENFANT DE L'HIVER [6/7/8/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Paul Branco** e **Jean-Claude Fleury** Fotografía **Denis Lenoir**
Montaxe **Luc Barnier**
Música orixinal **Jorge Arriagada**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **L'enfant de l'hiver**
País **Francia** Ano **1988**
Duración **84 min**

SINOPSE

Un arquitecto abandona a súa noiva a piques de dar a luz porque prefire perseguir unha escenógrafa que, á súa vez, está obsesionada por un actor que xa ten noiva. Os intentos de todos eles por alcanzar a felicidade veranse abocados ao fracaso.

Wadeck Stanczak (Yvan), Ann-Gisel Glass (Anne), Lucas Belvaux (Henri), Rémi Martin (Xavier), Corinne Dacla (Cora), Simon de La Brosse (Gabriel), Etienne Chicot (Albertini)

DESORDRE [DESORDE] [17/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Fotografía **Denis Lenoir**
Montaxe **Luc Barnier**
Música orixinal **Gabriel Yared**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Desordre**
País **Francia** Ano **1986**
Duración **91 min**

SINOPSE

A historia dunha moza e dous mozos sen recursos económicos, pero con sobradas ambicións, que queren formar un grupo de rock. Só necesitan os instrumentos, que conseguirán nun roubo que acaba en traxedia.

XUSTIÇA [6/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **María Ramos**
Produción **Niek Koppen, Jan de Ruiter** e **Renée Van Der Grinten**
Son **Valéria Ferro**
Montaxe **Virginia Flores, María Ramos** e **Joana Collier**
Fotografía **Flávio Zangrandi**

DATOS TÉCNICOS

País **Países Baixos**
Ano **2004**
Duración **100 min**

SINOPSE

En *Xustiça*, María Ramos coloca a cámara onde moitos brasileiros nunca estiveran: un tribunal criminal en Río de Xaneiro. Facendo o seguimento da rutina diaria de varios personaxes, *Xustiça* amosa o sistema legal de Río como metáfora da sociedade brasileira.

Diana Van Der Vlis, Harold J. Stone, John Dierkes, Ray Milland

THE MAN WHIT THE X-RAY EYES [21/22] [O HOME CON RAIOS X NOS OLLOS]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Roger Corman**
Guión **Robert Dillon**
Produción **Roger Corman**
Música **Les Baxter**
Fotografía **Floyd Crosby**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The Man Whit The x-Ray Eyes**
País **Estados Unidos**
Xénero **Terror**
Duración **79 min**
Ano **1963**

SINOPSE

O Dr. James Xavier (Ray Milland) experimenta nos seus propios ollos unha substancia que lle permitirá ver a través de corpos opacos. Despois do éxito o protagonista pode tanto atravesar a roupa das mulleres e velas núas como atopar un tumor dentro do corpo dunha persoa sen necesidade de a someter a raios X. O filme de Roger Corman dá lugar a verdadeiras especulacións moi wellsianas cando a mutación segue avanzando e a vista comeza a atravesar toda a materia polo que debe utilizar anteollos escuros que en realidade son opacos ou lentes de metal para poder ver algo. Hai unha interesante reflexión metafísica no final, e isto pode que non cubra algúns problemas de efectos especiais (en certas escenas Xavier ve o interior das persoas como esbozos debuxados do corpo humano), pero perdoámosllo porque Corman traballaba con orzamentos moi baixos.

Walter Pidgeon, Anne Francis, Leslie Nielsen, Warren Stevens, Jack Kelly, Richard Anderson

FORBIDDEN PLANET [O PLANETA PROHIBIDO] [21/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Fred M. Wilcox**
Guión **Cyril Hume** (dunha historia de **Irving Block** e **Allen Adler**)

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Forbidden Planet**
Estrea **1956**
País **EE.UU.**
Xénero **Ciencia ficción**
Duración **98 min**

SINOPSE

Unha expedición é enviada ao planeta Altair-4, a anos luz da Terra, para pescudar que ocorreu cunha colonia da que hai tempo que non se teñen noticias. O que atopan John e os seus compañeiros é o Dr. Morbius e mais a súa filla, os únicos superviventes que escaparon dun monstro que rolda polo planeta. Ao parecer, todo empezou cando os colonos atoparon a tecnoloxía dunha raza superior agora extinguida, os Krell.

UNA CIERTA VERDAD [23/24/25]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Abel García Roure**

DATOS TÉCNICOS

Xénero **Documental**
País **España**
Duración **130 min**
Ano **2007**

SINOPSE

Durante o período de case dous anos, as vidas de cinco personaxes entrecrúzanse nas proximidades dun hospital de saúde mental. Os cinco viron ou verán severamente alteradas as súas capacidades de comprender e percibir a realidade; perdendo todo aquilo que conforma a súa propia identidade.
Seguindo o ronsel destas historias íntimas, a película amósanos, a través dunha viaxe emocional, a busca de algo de luz no enigmático universo da tolemia. Coma nunha novela de intriga, o filme revela a historia humana que se oculta detrás de todo proceso de trastorno mental.

TWIST OF FAITH [14/15/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kirby Dick** Produción **Eddie Schmidt** Edición **Matthew Clarke** Supervisión musical **Blake Leyh** Cámara **Eddie Schmidt, Tom Hofbauer** e **Kirby Dick**

DATOS TÉCNICOS

País **USA** Ano **2005**
Duración **87 min**

SINOPSE

Twist of Faith ("xiro de fe") conta a íntima viaxe psicolóxica de Tony Comes, un bombeiro de Toledo (Ohio) que padeceu anos de abusos sexuais por parte dun crego católico. Cando se nos presenta a Tony, este semella que o ten todo: un traballo fantástico, unha muller fermosa, uns nenos adorables e unha bonita casa. Mais Comes acaba de empezar a asumir un pasado que enterrara durante vinte anos. O constante aluvión de novas relacionadas cos abusos sexuais, unido a unha inquietante revelación na súa vida persoal, obriga a Comes a confrontar as súas pantasmas.

Comes, orgulloso de ser católico durante toda a vida, decide denunciar os abusos que sufriu perante a persoa na que máis se lle ensinou a confiar, o seu bispo. Porén, cando o bispo non é totalmente honesto con el, Tony presenta unha demanda, primeiro cun alias, logo poñendo o seu verdadeiro nome na denuncia e facéndoa pública. A medida que Comes batalla contra a ira, o sentimento de culpa e a confusión, a película amosa como os efectos dos abusos involucran todas as persoas coas que comparte un vínculo íntimo: a súa dona, os fillos, o clan familiar, os amigos e, en última instancia, o seu Deus.
O filme *Twist of Faith* desentraña o dano que os abusos sexuais causan na vida de Comes, e tamén describe unha vila católica que permanece unida e que non desexa que a verdade saia á luz. Comes fai todo o posible por se aferrar a toda unha vida de tradicións católicas, malia a dor que non deixa de sufrir e o engano dos dirixentes da Igrexa. O resultado é unha fascinante historia dramática da loita dun home por superar un profundo trauma fronte a intensas presións familiares, comunitarias e relixiosas.

Sophie Aubry, Judith Godréche, Bernard Giraudeau, Philippe Torreton, Antoine Basler, Nathalie Boutefeu

UNE NOUVELLE VIE [14/15/16/17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas**
Guión **Olivier Assayas**
Produción **Bruno Pésery**
Fotografía **Denis Lenoir**
Montaxe **Luc Barnier**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Une nouvelle vie**
País **Francia** Ano **1993** Duración **122 min**

SINOPSE

Tina coñece ben a súa nai e non sabe nada do seu pai. Con vinte anos, a súa vida é o traballo no supermercado e un amor normaliño por un home conveniente. Cando morre a súa nai, encárase co seu pai.

Darío Grandinetti, Leticia Bredice, Martín Piroyansky, Nicolás Scarpino, Atilio Pozobon

EL FRASCO [11 / 12 / 16 / 17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alberto Lecchi**
Guión **Pablo Solarz**
Fotografía **Hugo Colace**
Música **Julián Vat**
Montaxe **Javier Ruiz Caldera**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **El frasco** Xénero **Comedia romántica** País **Arxentina**
Ano **2008** Duración **97 min**

SINOPSE

Pérez (Darío Grandinetti) é chofer dunha liña de autobuses. Sempre fai o mesmo percorrido. Un día vai, para o outro volve. Ten corenta anos, sen amigos, de aspecto pulcro, tímido, serio, algo torpe. Case non fala, por iso lle chaman "o mudo". Na súa viaxe diaria pasa por varias aldeas onde día a día repite os mesmos movementos, saúda do mesmo xeito, senta no mesmo lugar e come o mesmo. Só nun deses paradores hai algo que o trastorna e conmove. Aínda que ninguén o sabe e nunca se atrevería a confesalo alí vive Romina (Leticia Bredice), a mestra do lugar. A súa simpleza esconde unha muller atractiva e misteriosa. Vive nunha casa ambulante. Só os que coñecen o seu pasado saben porque nunca a viron cun home. Cústalle relacionarse. Os nenos, os seus alumnos, semellan o seu único contacto coa terra. Só a parada do autobús que pasa unha vez ao día pola aldea chama a súa atención. Unha orde do Ministerio de Educación obrígaa a que faga unha revisión. Como ela non pode viaxar pídelle a Pérez que a leve el viaxa ensimesmado por ese frasco, pero nun descoido, cáelle e rompe. Non pode crer a súa torpeza, necesita quedar ben con Romina e ocórreselle unha absurda solución. Este é o comezo dunha historia de amor moi especial entre dous personaxes tan particulares que fai que mesmo o peor dos conflitos nos arranque un sorriso.

Lambert Wilson, Pilar López de Ayala, Pascal Elbé, Anne Brochet, Andrée Damant, Florence Darel, Marc Duret

COMME LES AUTRES [14 / 15 / 16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Vincent Garenq**
Guión **Vincent Garenq**
Música **Laurent Levesque** e **Loïk Dury**
Fotografía **Jean-Claude Larrieu**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Comme les autres**
País **Francia**
Ano **2008**
Duración **93 min**

SINOPSE

Ámanse a máis non poder... ou case: Emmanuel quere un fillo e Philippe non. Un día, Emmanuel decídese a telo, pase o que pase, aínda que perda a Philippe... Pero, como fai un homosexual para ter un fillo?

EL PERRO NEGRO [O CAN NEGRO] [5/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Péter Forgács**
Produción **Cesar Messemaker**
Guión **Cesar Messemaker**
Son **Tamás Zányi**
Montaxe **Katmi Jumász**
Fotografía **Miscelánea de cineastas afeccionados**
Música **Tibor Szemzö**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2005**
País **Países Baixos**
Duración **85 min**

SINOPSE

O Can Negro. "Historias da Guerra Civil Española" é unha colaxe poética de películas e filmacións caseiras, que reflicten o sentimento e o tempo no que tivo lugar a Guerra Civil Española. Joan Salvans i Pierra e Joan Ernesto Díaz Noriega son os seus protagonistas. As súas películas e as súas historias condúcennos a través da España dos anos 30 e 40 do século pasado. Ernesto, un estudante madrileño de clase media, sobreviviu á guerra. Joan, un industrial catalán, foi asasinado seis días despois do comezo. Cales foron as razóns?

David Crosby, Graham Nash, Stephen Stills, Neil Young, Steven Colbert

CSNY/DÉJÀ VU [5/7/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Neil Young**
Guión **Mike Cerre e Neil Young**
Produción **L.A. Johnson**
Fotografía **Mike Elwell**
Montaxe **Mark Faulkner**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2008**
Duración **96 min**
Xénero **Documental, musical**

SINOPSE

CSNY/Déjà vu segue a banda formada por Crosby, Stills, Nash e Young en 2006 durante a xira "Freedom of Speech" ("Liberdade de Expresión") por Norteamérica. Destacan as cancións do controvertido e polémico disco *Living with war* de Neil Young. A través do xornalista Michael Cerre, que cobre a xira, o documental acércalle ao espectador as reaccións dos fans ante as letras e a conexión do grupo cos seus admiradores, todo iso co fondo das guerras de Iraq e Afganistán e dos acontecementos que rodearon as eleccións de 2006 en Estados Unidos.

Juan Diego Botto (Justo Álvarez Calderón), María Valverde (Manuela), Ivana Baquero (Paloma), Nina Hoss (Lenin), Jean-Marc Barr (Pierre), Pere Arquillué (Jaime), Nathalie Grauwin (Marie), Biel Durán (Luis), Irene Montalà (Pilar), Adriá Collado (Francisco), Laura Morante (Lucienne), Irene Visedo (Paloma adulta)

LA MUJER DEL ANARQUISTA [28/29/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Peter Sehr** e **Marie Noëlle**
Guión **Peter Sehr** e **Marie Noëlle,**
coa colaboración de **Ray Loriga**
Produción **Peter Sehr** e **Marie Noëlle**
Música **Zacarías M. de la Riva**
Fotografía **Jean François Robin**
Montaxe **Luis de la Madrid**

DATOS TÉCNICOS

Países **España** e **Francia**
Ano **2008**
Duración **110 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

No inverno de 1937, Manuela (María Valverde) e mais a súa filla Paloma (Ivana Baquero) percorren as rúas da cidade cercada. O seu marido, o avogado Justo Álvarez Calderón (Juan Diego Botto), loita contra Franco en dúas frontes: na radio, onde se converteu na "voz da revolución", e nas trincheiras que rodean Madrid. É a proba vivente de que os heroes libertarios saben defender as palabras coas armas se é necesario. O amor, a fe na xustiza e mais a forza dos lazos familiares son os piares desta historia que está baseada nun feito real.

Yoshio Harada, Kirin Kiki, Hiroshi Abe, Kazuya Takahashi, Shohei Tanaka, Hotaru Nomoto, Ryoga Hayashi, Tomoya Taguchi, Keisuke Tanaka, Miyuri Kudo

ARUITEMO, ARUITEMO [STILL WALKING] [12/13/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Hirokazu Kore-eda**
Guión **Hirokazu Kore-eda**
Produción **Kato Yoshihiro** e **Taguchi Hijiri**
Música **Gontiti**
Fotografía **Yutaka Yamazaki**
Montaxe **Hirokazu Kore-eda**

DATOS TÉCNICOS

País **Xapón**
Ano **2008**
Duración **114 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

A película transcorre nun día de verán no que uns fillos xa adultos visitan os seus pais anciáns, que viviron durante décadas na residencia familiar. O fillo e mais a filla volven, xunto coas respectivas familias, para unha reunión inusual co fin de conmemorar a tráxica morte do fillo maior, que afogou por mor dun accidente quince anos atrás. Aínda que a casa e o menú da nai apenas variaron co paso dos anos, aprécianse lixeiros cambios en cada un dos membros da familia. Trátase da típica familia na que o amor ten que convivir cos resentimentos e mais os segredos.

Graciana Chironi (Emilia), Liliana Capuro (Marta), Ruth Dobel (Claudia), Federico Esquerro (Claudio), Bernardo Forteza (Óscar), Laura Glave (Paola), Leila Gómez (Nadia), Nicolás López (Matías), Marianela Pedano (Yanina), Carlos Resta (Ernesto), Raúl Viñoles (Gustavo)

FAMILIA RODANTE [21]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pablo Trapero**
Guión **Pablo Trapero**
Produción **Pablo Trapero, Donald Ranvaud** e **Robert Bevan**
Música **León Gieco, Hugo Díaz** e **Juanjo Soza** Fotografía **Guillermo Nieto**
Montaxe **Nicolás Goldbart**
Vestiario **Marisa Urruti**

DATOS TÉCNICOS

Países **Arxentina, España, Francia, Alemaña** e **Brasil**
Ano **2004**
Duración **103 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

A avoa Emilia (Graciana Chironi) cumpre 84 anos. Moi emocionada, anúncialle a toda a familia que a súa sobriña a elixiu como madriña da súa voda, que se vai celebrar a 1500 quilómetros de alí. Para ese longo periplo de Bos Aires a Misiones, lugar do seu nacemento, Emilia desexa que a acompañen todos. Como ninguén se atreve a negarllo, póñense en marcha nunha caravana. A partir dese momento a avoa, as súas fillas, os netos, bisnetos, xenros, noivos e amigas, viven interesantes experiencias durante a viaxe no interior da casa ambulante que os traslada. Os recordos da avoa, os seus problemas de saúde, a calor e mais a distancia atravesan as historias de cada un dos protagonistas: amor adolescente, vellos romances dos anos setenta, rancores e celos. Esta viaxe modificará algunhas cousas, non demasiado, pero o suficiente para que se converta nun momento inesquecible na vida desta familia.

BUZOS HACIENDO SURF. [1D/2D/3D]
UN DOCUMENTAL SOBRE SURFIN' BICHOS

FICHA TÉCNICA

Dirección **Rogelio Abraldes**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2008**
Duración **100 min**

SINOPSE

Vitoria póstuma, como só os grandes gozan dela. O grupo máis maldito e complexo do rock nacional renace no outono de 2006 (doce anos despois da ruptura) cunha catártica xira de reunión. Distintas épocas, unha única xustiza: a poética.

Jorge Román (Zapa), Mimi Ardú (Mabel), Darío Levy (Gallo), Victor Hugo Carrizo (Molinari), Hugo Anganuzzi (Polaco), Graciana Chironi (Nai de Zapa), Luis Vicat (Pellegrino), Roberto Posse (Ismael), Anibal Barengo (Caneva), Lucas Olivera (Abdala), Gastón Polo (Lanza), Jorge Luis Giménez (Berti)

EL BONAERENSE [19/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pablo Trapero**
Guión **Pablo Trapero**
Produción executiva **Pablo Trapero**
Música **Pablo Lescano**
Fotografía **Guillermo Nieto**
Montaxe **Nicolás Golbart**
Dirección artística **Sebastián Roses**
Vestiario **Marisa Urruti**

DATOS TÉCNICOS

Países **Arxentina, Francia, Chile** e **Holanda**
Ano **2002**
Duración **105 min**

SINOPSE

O Zapa é cerralleiro nunha aldea da provincia de Bos Aires. O lugar é tranquilo, traballo de cerralleiro hai moi pouco e as horas de traballo pasan lentamente. O Polaco, o dono do local, envíao para que abra unha caixa forte nunha oficina. Ao día seguinte préndeno como responsable do roubo. O seu tío Ismael, policía bonaerense retirado, sácao da comisaría e envíao ao Gran Bos Aires cunha carta de recomendación. Zapa convértese nun mozo que aspira a ser axente da policía bonaerense. Zapa chega á súa nova cidade. Vai ao curso de preparación, traballa na comisaría, etc. A súa vida convértese nunha estraña ficción coa que deberá convivir no futuro.

Rosa Elena Carbajal,
Florencia Vega Moctezuma

INTIMIDADES DE SHAKESPEARE Y VÍCTOR HUGO [15/17/18/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Yulene Olaizola**
Produción **Yulene Olaizola**
Música **Emiliano Motta** e **Emiliano González de León**
Fotografía **Yulene Olaizola** e **Rubén Imaz**
Montaxe **Yulene Olaizola**

DATOS TÉCNICOS

País **México**
Ano **2008**
Duración **83 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Na esquina de Shakespeare e Víctor Hugo, na Cidade de México, está a casa de hóspedes de Rosa Carbajal, un refuxio que esconde unha historia íntima e apaixonante. Hai 20 anos, Rosa coñeceu a Jorge Riosse, un inquilino mozo co que desenvolveu unha amizade entrañable.

CARNE SOBRE CARNE [24/26/28/29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Diego Curubeto**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina**
Ano **2007** Xénero **Longametraxe documental**
Duración **95 min**

SINOPSE

En todo o seu cinema, Armando Bó demostrou unha capacidade para combinar orixinalidade, altas doses de melodrama e o particular imaxinario erótico do porteño formado no clima represivo dos anos 20 e 30. Todo iso deveu na creación de Isabel Sarli como perdurable icona sexual e nun estilo que ten a curiosa característica de ser audaz e conservador ao mesmo tempo, quizais como resultado dunha honestidade brutal: Bó non tiña problemas en exhibir nin sequera as súas propias contradicións. Desde esa perspectiva paradoxal Sarli e Bó chocaron coa censura por abordar primeiro a sexualidade elemental dun corpo nu, pero despois por moitas outras afrontas, como unha extensa festa de casamento entre homes con música de Alice Cooper, unha das primeiras lesbianas extracarcerarias que tivo o cinema arxentino, ou mesmo o arquetipo que interpretaba o actor Adelco Lanza. Todo iso e moito máis é reconstruído por Diego Curubeto neste documental, que non só conta co testemuño de Sarli senón con moito material inédito que a censura impediu ver no seu momento e que Bó gardou celosamente en espera de tempos mellores.

Bryce Dallas Howard (Fisher Willow), Chris Evans (Jimmy), Ellen Burstyn (Nai de Fisher), David Strathairn (Pai de Jimmy), Ann-Margret (Tía Willow)

THE LOSS OF A TEARDROP DIAMOND [28/29/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jodie Markell**
Guión **Tennessee Williams**
Produción **Brad Michael Gilbert**
Música **Mark Orton**
Fotografía **Giles Nuttgens**
Montaxe **Susan E. Morse**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Xénero **Drama, romántica**
Ano **2008**

SINOPSE

Ambientada no sur dos Estados Unidos dos anos vinte. Unha fermosa herdeira sureña namórase dun lanzal mozo que traballa na plantación da súa familia. O amor entre os dous é problemático e ten numerosos impedimentos para que poidan estar xuntos, sobre todo nunha sociedade tan clasista.

Miguel Rellán, Mireia Ros, María Botto, Nancho Novo, Cristina Alcázar, Javier Pereira, Blanca Apiláñez, Francisco Boira, Tatiana Astengo

ANIMALES DE COMPAÑÍA [22/23/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Nicolás Muñoz**
Guión **Nicolás Muñoz** e **Rodrigo Muñoz**
Produción **Teresa Cepeda, Diego Muñoz** e **Nicolás Muñoz**
Música orixinal **Álvaro de Cárdenas**
Fotografía **Teo Delgado**
Montaxe **Fidel Collados**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2008** Xénero **Comedia**
País **España** Formato **Cor**

SINOPSE

Rafa cumpre 65 anos e, á súa idade, sabe de sobra que as cousas saen sempre peor do que un espera. O que el espera é que o seu fillo pequeno chegue tarde ao aniversario e pase a metade da velada falando co móbil. Que a súa filla mediana, se é que chega, o faga aínda máis tarde e sen regalo. Que a filla maior non pare de encirrar na mediana, e que a súa muller simule todo o tempo que son unha familia perfecta. Iso é o que Rafa espera...

MI VIDA DENTRO [11/13/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lucía Gajá**
Dirección da fotografía **Érika Licea**
Edición **Lucía Gajá**
Guión **Lucía Gajá**
Produción **Rodrigo Herranz**
Son **Emilio Cortés, Nerio Barberis, Pablo Fulgueira** e **Federico Schmucler**
Música **Leonardo Heiblum** e **Jacobo Lieberman**

DATOS TÉCNICOS

País **México** Ano **2007**
Idiomas **inglés** e **español**
Duración **120 min** Cor

SINOPSE

Rosa é unha muller mexicana que en 1999, con 17 anos, emigrou ilegalmente a Austin, Texas, EUA. En xaneiro de 2003, é apresada por sospeita de homicidio e xulgada en agosto de 2005. O proceso xudicial, o veredicto, a separación da súa familia, a impotencia, ser encarcerada nun país estraño fan de *Mi vida dentro* unha realidade dentro da vida dos emigrantes mexicanos en Estados Unidos.

Roly Serrano, Alfonso Rementeria, Luis Margani, Federico Esquerro, Daniel Valenzuela, Graciana Chironi, Adriana Aizemberg

MUNDO GRÚA [19/21]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pablo Trapero**
Fotografía **Coby Migliora**
Produción **Pablo Trapero**
Guión **Pablo Trapero**

DATOS TÉCNICOS

Ano **1999**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Rulo (50 anos), busca traballo como operador de guindastres da construción, pero debe pasar por diferentes probas para obter o posto. Comeza unha historia de amor con Adriana durante a que coñeceremos o pasado exitoso de Rulo como baixista dunha famoso grupo de rock dos anos 70, coñecido polo tema "Paco Camorra"

Gal Zaid (Michael Klienhouse), Keren Mor (Tamar Klienhouse), Asher Tsarfati (Dreyfus), Ya'acov Ayaly (Chashmonai), Ania Bukshtein (Arkadia), Tal Grushka (David Klienhouse), Rivka Michaeli (Mina)

TNUAH MEGUNA [MAL XESTO] [11/12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tzahi Grad**
Guión **Ya'acov Ayaly** e **Gal Zaid**
Produción **Isaac Shani, David Cohen, Gal Zaid** e **Tzahi Grad**
Música **Karni Postel** e **David Klemes**
Fotografía **Shai Goldman**
Montaxe **Moris Ben Mayor**
Deseño da produción **Miguel Markin**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Tnuah meguna**
País **Israel**
Ano **2007**
Duración **95 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Michael Klienhouse (Gal Zaid) é o típico veciño modélico, casado e cun fillo. Un día, durante a mañá do Día do Holocausto, Michael choca co coche de Dreyfus (Asher Tsarfati). Tamar (Keren Mor), a muller de Michael, faille un xesto obsceno a Dreyfus e este acelera o vehículo e choca contra a porta aberta do de Michael, que está a piques de golpear a Tamar. Como bo cidadán, Michael espera resolver a situación coa axuda das autoridades, pero resulta que Dreyfus, un antigo heroe de guerra, é un home violento moi ben relacionado e con amigos influentes. A Michael, que está sumido nunha crise persoal, resúltalle difícil ceder ante o "poder", e por iso os seguintes días vanse converter nun auténtico pesadelo. Con todo, a súa loita ante unha realidade violenta e corrupta que pon en perigo a súa vida e a súa liberdade vai acabar por lle insuflar un novo sentido á vida.

ENCOUNTERS AT THE END OF THE WORLD [ENCONTROS NA FIN DO MUNDO] [5/8/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Werner Herzog**
Guión **Werner Herzog**
Produción **Henry Kaiser**
Música **Henry Kaiser** e **David Lindley**
Fotografía **Peter Zeitlinger**
Montaxe **Joe Bini**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Encounters at the end of the world**
País **USA**
Ano **2007**
Duración **99 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Hai unha sociedade oculta na fin do mundo. Un milleiro de homes e mulleres viven xuntos na Antártida e arriscan as vidas e mais a saúde na procura de avances científicos. Agora, por primeira vez, admitiron un estraño. Werner Herzog, unicamente acompañado por un cámara, viaxa á Antártida en busca dos rastros da natureza e a humanidade en estado puro.

MAQUILAPOLIS [11/13/14]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Vicky Funari** e **Sergio De La Torre**
Produción **Vicky Funari** e **Sergio De La Torre**
Son **Philip Perkins, C.A.S.**
Montaxe **Vicky Funari**
Fotografía **Daniel Gorrell** e **Sophia Constantinou**
Música **Pauline Oliveros,** con **The Nortec Collective** and **John Blue**

DATOS TÉCNICOS

Países **México, Estados Unidos**
Ano **2006**
Duración **70 min**

SINOPSE

Carmen e Lourdes traballan nas maquiladoras de Tijuana, as fábricas multinacionais que se instalaron en México na busca de man de obra barata. Cada día estas traballadoras da maquila enfróntanse con abusos laborais, devastación ambiental e caos urbano. A vida fronte á economía global.

Elías Rivera, Shamporo,
Dona María

NOSHINTO SHAMPORO [A MIÑA FILLA SHAMPORO] [7/8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tita Portela**
Produción (autoprodución) **Alberta Álvarez**
Fotografía **Fred Fuentes**
Son **Henry Girón**
Montaxe **Laurent Dufreche**
Música **Laurent Dufreche**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Noshinto Shamporo**
Título en galego **A miña filla Shamporo**
Idioma orixinal **Asháninka** (Amazonia peruana)
Subtítulos: **galego, castelán, inglés; francés**
Data **2008**
País de produción **Galicia**
Xénero **Documental**
Duración **50 min** / **Cor**

SINOPSE

Elías, xefe nativo asháninka (Selva Central do Perú), decide volver á súa terra natal na procura da *tsinane shipocăntsiro* (curandeira con vapor e plantas medicinais) que poida iniciar a súa filla no coñecemento das plantas e os seus ritos. Emprenden unha viaxe polo río Ene que os levará por terras máis afastadas e sempre tras a pista da señora María, a mellor curandeira-evaporadora que Elías coñece. Shamporo descobre as paisaxes do río, viaxa en bote, en avioneta, en coche, pasea pola cidade para chegar, finalmente, á casa da señora María, que escoita e reflexiona seriamente sobre a petición do pai da rapaza.

BAJO JUÁREZ [14/16/17/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alejandra Sánchez**
e **José Antonio Cordero**
Produción **Alejandra Sánchez**
Guión **Alejandra Sánchez**
e **José Antonio Cordero**
Son **Rogelio Villanueva**
Montaxe **José Antonio Cordero**
e **Alejandra Sánchez**
Fotografía **Erica Licea**
Música **Tareke Ortiz**

DATOS TÉCNICOS

País **México**
Ano **2006**
Duración **97 min**

SINOPSE

Bordando sobre círculos concéntricos en torno ao fenómeno de asasinatos contra mulleres de Ciudad Juárez, Chihuahua, este documental achéganos a unha nai que perde a súa filla e unha traballadora da maquila que acaba de chegar de Veracruz, cuxo rostro representa as mulleres vivas de Juárez. Dous xornalistas expertos no caso explican que hai detrás do fenómeno. A violencia contra as mulleres vívese e interprétase de xeito distinto.

Andy Serkis, Reece Shearsmith, Jennifer Ellison, Steven O'Donnell

THE COTTAGE [18/19/21]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Paul Andrew Williams**
Produción **Ken Marshall** e **Martin Pope**
Produción executiva **Steve Christian**
Guión **Paul Andrew William**
Fotografía **Christopher Ross**
Montaxe **Tom Hemmings**
Música **Laura Rossi**
Deseño da produción **Crispian Sallis**
Dirección artística **Josephine Newberry**
Son **Mitch Low**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido** Ano **2008**

SINOPSE

Dous irmáns acaban de secuestrar a filla dun mafioso coa esperanza de obter unha boa suma de diñeiro e reencamiñar as súas vidas. A súa ineptitude manifesta e continuas discusións vanse unir co mal xenio dunha secuestrada que mete medo, dous asasinos asiáticos tolos e o monstruoso propietario dunha granxa próxima. Tras demostrar o seu talento cruzando xéneros coa aclamada *London to Brighton,* Williams introdúcese agora de cheo no fantástico cunha escangallante combinación de humor inteligente e terror sanguento que se move sen problemas entre *Fargo* e *A matanza de Texas.*

Adrian Pasdan, Cady McClain, Austin Williams, Amber Joy Williams, Lucian Maisel

HOME MOVIE [16/17/18/19]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Christopher Denham**
Produción **Andrew van der Houten** e **William M. Miller**
Guión **Christopher Denham**
Fotografía **William M. Miller**
Montaxe **John T. Miller**
Música **Ryan Shore**
Son **Stuart McCowan**

DATOS TÉCNICOS

País **Estados Unidos**
Ano **2008**

SIPNOSE

A familia Poe dedícase a gravar, relixiosamente, cada un dos festexos do ano, desde o Nadal ata Halloween. O contido das cintas é a crónica dunha morea de disfuncións. O pai (interpretado polo home voador da serie *Heroes*) é pastor; a nai, psicóloga e os nenos, dous xemelgos silenciosos e de mirada evasiva. O resultado: un crescendo de mal lerio. Christopher Denham logra unha atmosfera opresiva e inquietante do día a día dunha familia aterradora a través dunha inofensiva cámara doméstica. Un debut máis ca prometedor, do que Larry Fessenden non tardou en catalogar como "creepy as hell".

Marlon Moreno (Víctor), Óscar Borda (Eusebio), Álvaro Rodríguez (Silvio), Blas Jaramillo (O *Orejón*), Andrés Toro (Zabala), Hansel Camacho (Don Pascual), Paulina Rivas (Iris)

PERRO COME PERRO [21/22]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Carlos Moreno**
Guión **Carlos Moreno** e **Alonso Torres**
Produción **Diego F Ramírez, Carolina Barrera** e **Rodrigo Guerrero**
Música **Sultana**
Fotografía **Juan Carlos Gil**
Montaxe **Felipe Guerrero, Santiago Palau** e **Carlos Moreno**

DATOS TÉCNICOS
Xénero **Suspense, drama**
País **Colombia** Ano **2008**
Duración **97 min**

SINOPSE
O *Orejón* (Blas Jaramillo) é un criminal violento e agorafóbico que vive rodeado de telescopios nun luxoso piso do centro de Cali, Colombia.
Cando asasinan o seu afillado, acode a unha sacerdotisa vodú para vingar a súa morte lanzándolle un maleficio ao asasino, Eusebio. Por outro lado, o *Orejón* contrata a Víctor (Marlon Moreno) para que se faga co diñeiro dun par de xemelgos escorregadizos. Víctor toma a terrible decisión de quebrantar a lei sagrada do mundo dos criminais e queda co diñeiro.

Darcy Fehr, Ann Savage, Amy Stewart, Loui Negin, Brendan Cade

MY WINNIPEG [19/20/22/24]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Guy Maddin**
Produción **Phyllis Laing, Guy Maddin** e **Jody Shapiro**
Guión **Guy Maddin**
Fotografía **Jody Shairo**
Montaxe **John Gurdebeke**
Deseño da produción **Rejean Labrie**
Dirección artística **Katherina Stieffenhofer**
Son **David Rose** e **David McCallum**

DATOS TÉCNICOS
País **Canada**
Ano **2007**

SINOPSE
A páxina web de *My Winnipeg* describe esta onírica película de Guy Maddin sobre a súa cidade natal como unha "docu-fantasia". Esta etiqueta axústase ao pé da letra á recreación, mediante imaxes de arquivo e unha narración fantasiosa, da vida e mais a historia dun dos lugares máis fríos de Canadá, no que uns cabalos que afogaron na neve se converteron no punto recorrente dos paseantes. Cun imaxinario fascinante e un sentido do humor irónico (especialmente neste filme), Guy Maddin ganou un sitio privilexiado entre os cineastas de culto. *My Winnipeg* supón a enésima confirmación dun xenio.

Rachel Weisz (Penelope), Adrien Brody (Bloom), Mark Ruffalo (Stephen), Rinko Kikuchi (Bang Bang), Robbie Coltrane, Maximilian Schell

THE BROTHERS BLOOM [27/29/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Rian Johnson**
Guión **Rian Johnson**
Produción **Ram Bergman** e **James D. Stern**
Música **Nathan Johnson**
Fotografía **Steve Yedlin**
Montaxe **Gabriel Wrye**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2008**
Duración **109 min**
Xénero **Comedia, drama, aventuras**

SINOPSE

Benvido ao mundo dos irmáns Bloom, onde o engano é unha arte e nada é o que parece. Os irmáns perfeccionaron a arte de estafar fortunas ao longo de moitos años de fraternal traballo en equipo. Agora decidiron aceptar un último e espectacular traballo: atraer unha fermosa e excéntrica herdeira a unha conspiración que os vai levar arredor de todo o mundo.

Sook-Yin Lee (Sofia), Paul Dawson (James), Lindsay Beamish (Severin), PJ DeBoy (Jamie), Raphael Barker (Rob), Jay Brannan (Ceth), Peter Stickles (Caleb), Alan Mandell, Adam Hardman, Ray Rivas, Bitch, Shanti Carson, Justin Hagan, Jan Hilmer

SHORTBUS [3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **John Cameron Mitchell**
Guión **John Cameron Mitchell**
Produción **Howard Gertler, Tim Perell** e **John Cameron Mitchell**
Música **Yo La Tengo** e **Scott Matthew**
Fotografía **Frank G. DeMarco**
Montaxe **Brian A. Hates**
Deseño da produción **Jody Asnes**
Vestiario **Bart Mueller** e **Hurt Swanson**

DATOS TÉCNICOS

País **USA** Ano **2006**
Duración **102 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

Shortbus segue a traxectoria de varios neoiorquinos cuxas traxicómicas aventuras navegan entre a sexualidade e os sentimentos. Sofia (Sook-Yin Lee) é unha sexóloga que nunca tivo un orgasmo; hai anos que simula pracer co seu marido Rob (Raphael Barker). Coñece a Severin (Lindsay Beamish), unha dominadora que se presta a axudala. Dous pacientes de Sofia, James (Paul Dawson) e o seu compañeiro Jamie (PJ DeBoy), pensan en incluír un terceiro, Ceth (Jay Brannan), na súa relación sexual, pero Jamie non acaba de decidirse. Todos se atopan en "Shortbus", un lugar fóra do común onde se mestura a política, a arte e mais o sexo. A cidade de Nova York despois do 11 de setembro e dos anos Bush non é un lugar onde a vida sexa fácil.

Brendan Cowell, Maia Thomas, Henry Nixon, Nicholas Bell

NOISE [18/20/24/25]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Matthew Saville**
Produción **Trevor Blainey**
Guión **Matthew Saville**
Fotografía **Laszlo Baranyai**
Montaxe **Geoff Hitchins**
Música **Bryony Marks**
Deseño da produción **Paddy Reardon**
Son **Philippe Dscrausaz**
Vestiario **Kitty Stuckey**

DATOS TÉCNICOS
País **Australia** Ano **2007**
Duración **108 min**

SINOPSE
Unha comunidade vese trastornada tras un asasinato en masa nun tren. Un policía mozo cheo de dúbidas, e cunha enfermidade que lle afecta os oídos, vese inmerso no caos que supón ese crime. Mentres o seu contorno loita para superar este horrible suceso, el deberá limpar os berros e mais os ruídos que escoitou da súa cabeza. Noise resulta unha perla cunha elaborada posprodución de son que nos introduce no detallado mundo auditivo do protagonista. Unha película con tensión e intensidade a esgalla e que debe ser vista co volume a fume de carozo.

María Villar, Romina Paula, Julia Martínez Rubio, Francisco García Faure, Daniel Gilman Calderón, Nicolás Malusardi, Alejandro Sirkin, Ana Cambre, Sabrina Korn

EL HOMBRE ROBADO [19/21/23]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Matías Piñeiro**
Guión **Matías Piñeiro**
Produción **Pablo Chernov**
Fotografía **Fernando Lockett**
Montaxe **Alejo Moguillansky**

DATOS TÉCNICOS
País **Arxentina**
Ano **2007**
Duración **90 min / Branco e negro**

SINOPSE
O libro *Campaña no Exército Grande* de Domingo Faustino Sarmiento é a armadura de clave para esta fantasía sentimental que se organiza arredor de Mercedes Montt, unha moza arxentina que traballa de guía no Museo de Arte Español Enrique Larreta, pero que ocupa o tempo libre na lectura apaixonada deste texto sarmientino que aplica desprexuizadamente á vida sentimental e laboral daqueles que a rodean: a súa parella, Leandro López Jordán; a súa amiga, Leticia Lamadrid; o noivo da súa amiga, Andrés Rademil e a sospeitosa amiga do noivo da amiga, Clara Virasoro. Deste xeito, os complots son posibles; os sistemas case perfectos e os enredos, entón, probables.

THE BIG SELLOUT [12/14]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Florian Opitz**
Produción **Felix Blum** e **Arne Ludwig**
Son, gravación e cámara adicional **Christoph Mohr** Edición **Niko Remus** Música **Pluramon**
Editores comisionados **Dr. Sabine Rollberg (Arte/WDR) Dr. Renate Stegm , ller (Bayerischer Rundfunk)**
Axudantes de produción **Marie Baer, Lars Lucas, Christine Krause, Emma Salomon** e **Judith Winter**

DATOS TÉCNICOS
País **Alemaña**
Ano **2007**
Duración **94 min**

SINOPSE
The Big Sellout ("a gran capitulación") é unha película política. En diversos episodios, descríbese o fenómeno abstracto da privatización en relatos sobre destinos humanos moi concretos por todo o globo. Este documental conta historias tráxicas, traxicómicas, aínda que tamén alentadoras, da vida cotiá de xente que todos os días debe facer fronte aos efectos das políticas privatizadoras ditadas por anónimas institucións financeiras internacionais en Washington e Xenebra, como o Fondo Monetario Internacional (FMI), o Banco Mundial e a Organización Mundial do Comercio (OMC). Na súa película, o autor e director Florian Opitz revela a realidade do mundo privatizado e globalizado, que en teoría debería ser eficaz e brillante. Examina os efectos de The Big Sellout, a privatización mundial de servizos públicos básicos, como a subministración de auga, a electricidade, o transporte público, e mesmo a sanidade pública. En Suda-mérica, Asia e África, e tamén en Europa e Estados Unidos, Opitz encontra xente para a cal estas promesas non son máis ca frases baleiras. E o que descobre é que The big sellout só acaba de empezar.

Charles Napier, Shari Eubank, Uschi Digard

RUSS MEYER'S SUPERVIXENS [SUPERVIXENS] [3D]

FICHA TÉCNICA
Dirección **Russ Meyer**
Guión **Russ Meyer**
Produción **Russ Meyer**
Música **William Loose** e **Richard Strauss**
Fotografía **Russ Meyer**

DATOS TÉCNICOS
Título orixinal **Russ Meyer's Supervixens**
Xénero **Intriga** País **Estados Unidos**
Duración **106 min** Ano **1975**

SINOPSE
Clint traballa nunha gasolineira dunha aldea do deserto de Arizona, esta casado cunha fermosa muller que se chama Superangel. A súa vida conxugal non marcha moi ben. Superangel seduce a calquera que se lle pon a tiro e isto fai que Clint empece a cometer unha serie de sanguentos asasinatos por vinganza.

FLORES DE LUNA [22/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Juan Vicente Córdoba**
Guión **Juan Vicente Córdoba**
Fotografía **Toto Carlón, Joaquín Manchado** e **Mario Blanco**
Montaxe **Pablo Blanco**
Música **Marco de Benito**

DATOS TÉCNICOS

Xénero **Documental**
Ano **2008**
Duración **120 min**
País **España**

SINOPSE

Desde unha chabola do Pozo del Tío Raimundo, aquela barriada construída vertixinosamente nos anos 50 con "casas" de barro e lata que medraban coma "flores de luna" levantadas durante a noite, o "cura rojo" Padre Llanos insufloulles aos inmigrantes a súa ilusión utópica en busca da xustiza e a liberdade. Días e anos de solidariedade, de rebeldía e de forxar unha nova identidade soñando coa crenza de que, desde o barrio, se podía cambiar o mundo. Como estas xentes tomaron conciencia da súa situación, e coa súa forza e cohesión como grupo humano emprenderon a transformación?

Annabella Sciorra, Christopher Walken, Edie Falco, Lili Taylor

THE ADDICTION [22/3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Abel Ferrara**
Guión **Nicholas St. John**
Produción **Denis Hann** e **Fernando Sulichin**
Música **Joe Delia**
Fotografía **Ken Kelsch**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The Addiction**
Xénero **Terror**
País **Estados Unidos**
Duración **81 min**
Ano **1995**

SINOPSE

Rodada con toda a forza e mais a violencia que caracteriza a Abel Ferrara, *The Addiction* cóntanos o derrubamento psicolóxico e a posterior rendición de Kathleen (Lilia Taylor), unha brillante estudante obsesionada por comprender o sentido das grandes catástrofes que o home provocou ao longo da historia. Os seus torturados pensamentos vólvense brutalmente reais cando unha parella de vampiros (Christopher Walken e AnnabellA SciorrA) espertan nela a paixón polo sangue.

MCLIBEL [5/8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Franny Armstrong**
Produción **Franny Armstrong**
Edición **David G Hill** e **Gregers Sall**
Produtor executivo **Peter Armstrong**
Director dramático **Ken Loach**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Mc Libel** Duración **82 min**
País **Reino Unido** Ano **2005**

SINOPSE

McLibel ("McDifamación") é a historia de dúas persoas correntes que humillaron a McDonald's no maior desastre de relacións públicas dunha empresa na historia.
A McDonald's encantáballe usar as leis contra a difamación vixentes no Reino Unido para reprimir as críticas. Medios de comunicación de primeira orde, como a BBC e The Guardian, derrubáronse e pediron desculpas. Mais entón a empresa denunciou á xardineira Helen Steel e ao carteiro Dave Morris.
No proceso máis longo da historia xudicial de Inglaterra, os "dous da McDifamación" representáronse a si mesmos contra o equipo legal de McDonald's, que custaba 10 millóns de libras. Nos interrogatorios analizáronse todos os aspectos do negocio da compañía: desde a comida lixo e os McEmpregos ata a crueldade cos animais, os danos ambientais e a publicidade infantil.
Fóra do xulgado, Dave criou o seu fillo pequeno só, e Helen ganou o sustento traballando polas noites nun bar. McDonald's recorreu a todo tipo de trécolas contra eles: manobras legais, unha visita de Ronald McDonald, o desprazamento de altos executivos a Londres para negociar un amaño, mesmo espías.
Sete anos máis tarde, en febreiro de 2005, a maratoniana batalla legal rematou ao cabo no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. E o resultado sorprendeu a todos, sobre todo ao Goberno británico.
McLibel non trata unicamente de hamburguesas. Fala da importancia da liberdade de expresión, agora que as corporacións multinacionais son máis poderosas ca os países.
Filmada durante dez anos por un director sen orzamento, Franny Armstrong, McLibel é a historia de David contra Goliat de dúas persoas que non quixeron pedir perdón. E, con iso, cambiaron o mundo.



THE NIGHT JAMES BROWN SAVED BOSTON [5/8/9/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **David Leaf**

DATOS TÉCNICOS

País **EE.UU.**
Ano **2008**
Duración **66 min**

SINOPSE

Só o padriño do soul podía tranquilizar as masas que ameazaron con queimar Boston tras o asasinato de Martin Luther King. Unha noite mítica na que o soul foi o calmante.

TIRO EN LA CABEZA [15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jaime Rosales**
Guión **Jaime Rosales**
Produción **José María Morales, Jaime Rosales** e **Jérôme Dopffer**
Fotografía **Óscar Durán**
Montaxe **Nino Martínez Sosa**
Dirección artística **Ion Arretxe**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2008**
Duración **85 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Ion é un tipo aparentemente normal. Érguese, almorza, arranxa as cousas, reúnese cuns avogados. Unha noite nunha festa coñece unha moza. Pasan a noite xuntos no apartamento dela. A súa vida transcorre sen sobresaltos. Unha chamada nunha cabina de teléfonos; un encontro cun amigo; pequenas situacións cotiás sen importancia. Un día sobe nun coche con outras dúas persoas. Cruzan a fronteira para Francia. Pasan a noite na casa dun matrimonio. Á mañá seguinte, tras un encontro fortuíto nunha cafetaría, matan dous gardas civís vestidos de paisano.

Ion Arretxe (Ion), Iñigo Royo (Lara), Jaione Otxoa (Garbiñe), Ana Vila (Susana), Asun Arretxe (Asun), Nerea Cobreros (Ane), Iván Moreno (Alonso), Diego Gutiérrez (Maqueda), Stephanie Pecastaing (Stephanie)

MAY [3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lucky Mckee**
Guión **Lucky Mckee**
Produción **Marius Balchunas e Scott Sturgeon**
Música **Jaye Barnes-Luckett**
Fotografía **Steve Yedlin**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2002** Xénero **Terror**
Duración **95 min**

SINOPSE

May sempre foi unha persoa independente (mesmo podería ser considerada como unha rapaza peculiar). Se te cruzaras con ela na rúa, non lle notarías ningunha diferenza en relación con outras mulleres novas que tratan de abrir camiño na gran cidade. Vive soa, traballa de axudante de veterinario, fai ela mesma a roupa e soña con atopar a persoa adecuada para se namorar. Hai un tío simpático que traballa de mecánico rúa abaixo. Unha oportunidade para un romance que semella prometedor.

Angela Bettis, Anna Faris, Chandler Hecht, James Duval, Jeremy Sisto

Mark McKinney, Isabella Rossellini, Maria de Medeiros, David Fox, Ross McMillan

THE SADDEST MUSIC IN THE WORLD [22/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Guy Maddin**
Guión **Kazuo Ishiguro, Guy Maddin** e **George Toles** Produción **Niv Fichman, Daniel Iron** e **Jody Shapiro**
Fotografía **Luc Montpellier**
Música **Christopher Dedrick**

DATOS TÉCNICOS

País **Canadá** Ano **2003** Duración **100 min**
Xénero **Musical, comedia, melodrama**

SINOPSE

Winnipeg, Canadá, 1933. No máis profundo da Era da Depresión. Aproveitando a lei seca americana e a pobreza e mais a desesperación xeral do pobo, Lady Port-Hunley organiza un concurso internacional (patrocinado pola súa propia cervexa) para atopar A Música Máis Triste do Mundo. Poderá participar un representante de cada país por un premio de 25000 dólares.
Este concurso vai arrastrar incontables participantes, entre os que se atopan tres familiares: Fyodor Kent, antigo soldado namorado da baronesa e responsable de que esta perdese as dúas pernas; o seu fillo Roderick, un hipocondríaco violoncellista afincado en Serbia, consumido pola dor da perda do seu fillo e a desaparición da súa muller Narcissa; e o outro fillo Chester, un frívolo e manipulador produtor de Broadway en bancarrota que fachendea de que nunca chorou e que só lle interesa o diñeiro.

TOM PETTY AND THE HEARTBREAKERS: [26/27] RUNNIN' DOWN A DREAM

FICHA TÉCNICA

Dirección **Peter Bogdanovich**

DATOS TÉCNICOS

País **EEUU**
Ano **2007**
Duración **253 min**

SINOPSE

Catro horas de festín Tom Petty da man de Peter Bogdanovich. Cálido, exhaustivo, humano e altamente rockeante, este é o testemuño definitivo da súa carreira.

Tara Birtwhistle (Lucy Westenra), Wei-Qiang Zhang (Drácula)

DRACULA: PAGES FROM A VIRGIN'S DIARY [22/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Guy Maddin**
Guión **Bram Stoker** (novela) e **Mark Godden** (ballet Drácula) Produción **Vonnie von Helmolt, Lesley Oswald** e **Danishka Esterhazy** Fotografía **Paul Suderman**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Dracula: Pages from a Virgin's Diary** Xénero **Terror** País **Canadá**
Duración **73 min** Ano **2002**

SINOPSE

Na cidade de Londres ocorren estraños sucesos. Lucy Westenra, unha dama da alta sociedade, padece unha enfermidade que só o Dr. Van Helsing é quen de curar: mordeuna un vampiro. Este só é o comezo da loita entre Van Helsing e os pretendentes de Lucy e o sedutor vampiro estranxeiro.

YOUNG@HEART [CORAZÓNS REBELDES] [29/30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Stephen Walker**
Produción **Sally George**
Fotografía **Edward Marritz**
Montaxe **Chris King**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Young@Heart**
País **Reino Unido**
Ano **2007**
Duración **108 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Anúncianse como "Maiores portándose mal" e é un coro que non se parece a ningún. *Young @Hear*t está integrado por xubilados entre os 75 e os 93 anos residentes en Northampton, Massachusetts, que recibiron críticas excelentes en todas as partes do mundo nas que actuaron. A unha idade en que moitas persoas xa están mortas ou pasando os derradeiros días en residencias para maiores, estes xubilados subiron ao escenario para cantar a berro tendido temas rock de Outkast, Jimi Hendrix e Radiohead.

Tsilla Chelton, Derya Alabora, Onur Unsal, Övul Avkiran, Osamn Sonant

PANDORANIN KUTUSU [PANDORA'S BOX] [11 / 13 / 15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Yesim Ustaoglu**
Guión **Yesim Ustaoglu e Selma Kaygusuz**
Produción **Yesim Ustaoglu, Muhammet Çakiral, Serkan Çakarer, Behrooz Hashemian, Setareh Farsi, Natacha Devillers, Catherine Burniaux, Michael Weber** e **Tobias Pausinger**
Música **Jean-Pierre Mas**
Fotografía **Jacques Besse**
Montaxe **Franck Nakache**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Pandoranin kutusu**
Países **Turquía, Francia, Alemaña e Bélxica**
Ano **2008**
Duración **12 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Tres irmáns de corenta e tantos anos reciben unha noite en Istanbul unha chamada dicindo que a súa nai, xa maior, desapareceu da súa casa da costa do Mar Negro. Os tres (dúas mulleres e un home) parten na súa busca e aparcan momentaneamente os seus problemas. Unha vez xuntos, déixase ver rapidamente a tensión que existe entre eles, como se, de repente, se abrise a caixa de Pandora. Decátanse de que, en realidade, apenas se coñecen e vense obrigados a reflexionar sobre os seus propios defectos.

Colin Firth (Joe), Catherine Keener, Hope Davis, Willa Holland (Kelly)

GENOVA [27 / 28 / 29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Michael Winterbottom**
Guión **Michael Winterbottom**
Produción **Andrew Eaton**
Fotografía **Marcel Zyskind**
Montaxe **Michael Winterbottom**
Vestiario **Celia Yau**

DATOS TÉCNICOS

Países **Reino Unido e Italia**
Ano **2008**
Duración **94 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

A cidade italiana de Xénova bríndalles a Joe e ás súas dúas fillas a posibilidade de que reinicien as vidas tras o pasamento da nai. Mentres Kelly profunda no misterioso novo mundo, Mary atópase co fantasma da súa nai deambulando polas rúas.

Álex Brendemühl (Abel), Vicente Romero (Marcos), Ágata Roca (Tere), María Antonia Martínez (Nai), Pape Monsoriu (Trini), Irene Belza (Carmen), Anna Sahun (María), Isabel Rocati (Taxista), Armando Aguirre (Señor maior)

LAS HORAS DEL DÍA [1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jaime Rosales**
Guión **Jaime Rosales** e **Enric Rufas**
Produción **Jaime Rosales** e **Ricard Figueras**
Fotografía **Óscar Durán**
Montaxe **Nino Martínez Sosa**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2003**
Duración **110 min**

SINOPSE

Abel (Álex Brendemühl) vive coa nai nunha pequena vila periférica nos arrabaldes de Barcelona. Toda a súa vida transcorre entre o pequeno negocio familiar, a casa da súa nai, a cama da súa noiva, o quiosco da esquina e os bares do barrio. Sempre os mesmos problemas, as mesmas caras, as mesmas conversas. Mais, baixo unha aparencia de home tranquilo e afable, ábrese un abismo. Un abismo que non atopa explicación, pero que se repite irremediablemente. Unha tarde de xoves, Abel volve matar.

WILD COMBINATION: [16/17/18/20] A PORTRAIT OF ARTHUR RUSSELL

FICHA TÉCNICA

Dirección **Matt Wolf**

DATOS TÉCNICOS

País **EEUU**
Ano **2008**
Duración **70 min**

SINOPSE

Disco, pop, música orquestral, violoncellos e... silencio. O obsesivo mago do son recomposto mediante ecos de infancia, Nova York anos 70, SIDA e perfeccionismo sonoro.

Jean-Claude Van Damme, François Damiens (Bruges), Zinedine Soualem (O home con sombreiro), Karim Belkhadra (O vixilante)

JCVD [5]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Mabrouk El Mechri**
Guión **Frédéric Bénudis** e **Christophe Turpin**
Produción **Sidonie Dumas**
Música **Gast Waltzing**
Fotografía **Pierre-Yves Bastard**
Montaxe **Kako Kelber**
Deseño da produción **François Dickes**
Vestiario **Uli Simon**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia, Bélxica e Luxemburgo**
Ano **2008**
Duración **96 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

O grande astro do cinema de acción Jean-Claude Van Damme está gozando dun merecido descanso en Bruxelas cando sofre unha repentina crise existencial. De repente, a grande estrela de cinema que todos coñecemos convértese nun tipo corrente, afectado polos medos e mais as contradicións. Como pode manter a lenda que axudou a construír ao seu arredor? Que fai un home de acción cando a pistola que che está apuntando á sen está cargada con balas de festa? Jean-Claude atópase a si mesmo na encrucillada da fin da súa vida como heroe. Esta película foi imaxinada como unha aventura espiral que comeza de mala maneira e remata moito peor. Cando as conquistas externas, o diñeiro ou a fama, non son tan valiosas comparadas coa reconquista dun mesmo.

Anton Yelchin (Charlie Bartlett), Hope Davis (Marilyn Bartlett), Kat Dennings (Susan Gardner), Robert Downey Jr. (director Gardner), Tyler Hilton (Murphy Bivens), Mark Rendall (Kip Crombwell), Dylan Taylor (Len Arbuckle), Megan Park (Whitney Drummond), Jake Epstein (Dustin Lauderbach), Jonathan Malen (Jordan Sunder)

CHARLIE BARTLETT [13/17/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jon Poll**
Guión **Gustin Nash**
Produción **Jay Roach, Sidney Kimmel, David Permut** e **Barron Kidd**
Música **Christophe Beck**
Fotografía **Paul Sarossy**
Montaxe **Alan Baumgarten**
Deseño da produción **Tamara Deverell**
Vestiario **Luis Sequeira**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2007**
Duración **97 min**
Xéner **Comedia dramática**

SINOPSE

Charlie Bartlett (Anton Yelchin) é un rapaz optimista e honesto, un estratego nato que, despois de que o expulsaran de innumerables colexios privados pola súa irritante manía de intentar caerlle ben a todo o mundo, é enviado a estudar nun centro público. Nese ambiente, en principio hostil, Charlie axiña se vai ver convertido nunha especie de psicólogo para o resto do alumnado. O que non sabe el é que os seus inocentes consellos ea s súas perigosas prescricións van transformar a vida dos seus compañeiros, a do director do centro (Robert Downey Jr.) e mesmo a súa.

Catalina Sandino Moreno, Sergio Castellitto, Miranda Richardson, Leonor Watling, Juliette Binoche, Willem Dafoe, Nick Nolte, Maggie Gyllenhaal, Fanny Ardant, Wes Craven, Elijah Wood, Alexander Payne, Natalie Portman, Gérard Depardieu, Bob Hoskins, Ben Gazzara, Steve Buscemi

PARIS, JE T'AIME [4/6]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Olivier Assayas, Frédéric Auburtin, Gérard Depardieu, Gurinder Chadha, Sylvain Chomet, Joel Coen, Ethan Coen, Isabel Coixet, Wes Craven, Alfonso Cuarón, Christopher Doyle, Richard LaGravenese, Vincenzo Natali, Alexander Payne, Bruno Podalydès, Walter Salles, Daniela Thomas, Oliver Schmitz, Nobuhiro Suwa, Tom Tykwer** e **Gus van Sant**
Guión **Emmanuel Benbihy, Bruno Podalydès, Paul Mayeda Berges, Gurinder Chandha, Gus van Sant, Ethan Coen, Joel Coen, Walter Salles, Daniella Thomas, Christopher Doyle, Gabrielle Keng, Kathy Li, Isabel Coixet, Nobuhiro Suwa, Sylvain Chomet, Alfonso Cuarón, Olivier Assayas, Olivier Schmitz, Richard LaGravenese, Vincenzo Natali, Wes Craven, Tom Tykwer, Gena Rowlands** e **Alexander Payne; baseado nunha idea orixinal de Tristan Carné**
Produción **Claudie Ossard** e **Emmanuel Benbihy** Música **Pierre Adenot, Christophe Monthieux, Leslie Feist, Reinhold Heil, Johnny Klimek, Marie Sabbah** e **Tom Tykwer**
Fotografía **Bruno Delbonnel, Pascal Marti, Eric Gautier, Pascal Rabaud, David Quesemand, Pierre Aïm, Eric Guichard, Tetsuo Nagata, Gérard Stérin, Franck Griebe, Jean-Claude Larrieu, Denis Lenoir, Michael Seresin, Matthieu Poirot-Delpech, Michel Amathieu** e **Maxime Alexandre**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Alemaña**
Ano **2006**
Duración **120 min**
Xénero **Drama romántico**

SINOPSE

En París o amor está por todas as partes. Na barra dos bares e mais das cafetarías, baixo a Torre Eiffel, mesmo por debaixo das rúas, no metro. "Paris, je t'aime" é un París visto a través dos ollos dalgúns dos máis aclamados directores, cada un deles cóntanos unha historia que desenvolve nun dos diferentes distritos de París. O resultado é un abano de historias sobre a alegría, a separación, os encontros inesperados e estraños e, sobre todo, acerca do amor. Veremos esta cidade dunha forma que nunca imaxinamos e entenderemos por que París é a cidade máis romántica do mundo.

JOY DIVISION [6/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Grant Gee**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Ano **2007** Duración **96 min**

SINOPSE

Criaturas solitarias moldeadas polo Manchester industrial, punks que cambiaron rabia por angustia, Ian Curtis. Unha análise luminosa dun grupo tan mítico coma escuro.

Arturo Goetz (Arturo), Nahuel P. Biscayart (Leandro), Guillermo Arengo (Mc Enroe), Stella Galazzi (Irene), Susana Pampin (Marcela), Ailin Salas (Vanesa), Guadalupe Docampo (Romina)

LA SANGRE BROTA [1D/2D/3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Pablo Fendrik**
Guión **Pablo Fendrik**
Produción **Juan Pablo Gugliotta**
Música **Juan Ignacio Bouscayrol**
Fotografía **Julián Apezteguía**
Montaxe **Leandro Aste**
Dirección artística **Pablo Maestre**

DATOS TÉCNICOS

Países **Arxentina, Francia** e **Alemaña**
Ano **2008** Duración **97 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

Arturo (Arturo Goetz), un parsimonioso taxista de sesenta anos, ten que conseguir dous mil dólares en menos de 24 horas. O seu fillo maior, Ramiro, que se fuxiu da casa hai catro anos, acaba de chamar desde Houston pedíndolle axuda urxente. A súa esposa Irene garda celosamente uns aforros que non pensa cederlle a Arturo para que axude a Ramiro.

Elmar Wepper, Hannelore Elsner, Nadja Uhl, Maximilian Brückner, Aya Irizuki, Birgit Minichmayr, Felix Eitner, Floriane Daniel, Celine Tannenberger

KIRSCHBLÜTEN – HANAMI [CHERRY BLOSSOMS] [28/29/30] (CERDEIRAS EN FLOR)

FICHA TÉCNICA

Dirección **Doris Dörrie**
Guión **Doris Dörrie**
Produción **Molly von Fürstenberg** e **Harald Kügler**
Fotografía **Hanno Lentz**
Vestiario **Sabine Greuning**
Montaxe **Inez Regnier e Frank Müller**
Música **Claus Bantzer**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Kirschblüten – Hanami**
País **Alemaña**
Xénero **Drama**
Ano **2008**
Duración **126 min**

SINOPSE

Trátase da historia dun amor abnegado á vez que unha viaxe poética cara ao interior do ser. Trudi é a única que sabe que o seu marido Rudi padece un cancro terminal. Seguindo o consello do seu médico, deciden facer unha derradeira viaxe xuntos. Trudi convence o seu marido para ir visitar os seus fillos e mais os netos que están en Berlín. Con todo, estes están demasiado involucrados nas súas propias vidas como para que os poidan atender. Despois de ir ao teatro para ver un espectáculo de danza butoh, Trudi e Rudi deciden marchar e pasar uns días nun hotel na costa do mar Báltico. Pero, de repente, Trudi morre e deixa a Rudi totalmente desconcertado. El non sabe que facer coa súa vida ata que decide ir a Xapón para visitar a Karl, o seu fillo menor.

GLASS: A PORTRAIT OF PHILIP IN TWELVE PARTS [14/15/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Scott Hicks**

DATOS TÉCNICOS

País **Australia**
Ano **2007**
Duración **15 min**

SINOPSE

Doce partes, doce anacos do cristal. Glass feito anacos para poder comprender un dos xenios do minimalismo contemporáneo: arte, vida, filosofía, familia.

LA SOLEDAD [1D/3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jaime Rosales**
Guión **Jaime Rosales** e **Enric Rufas**
Produción **José María Morales, Jaime Rosales** e **Ricard Figueras**
Fotografía **Óscar Durán**
Montaxe **Nino Martínez Sosa**
Dirección artística **Ion Arretxe**
Vestiario **Eva Arretxe** e **Asun Arretxe**

DATOS TÉCNICOS

País **España** Ano **2007** Duración **130 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Adela, unha moza separada e cun meniño dun ano de idade, está cansa da vida que leva na súa aldea natal ao norte de León. Deixa atrás as montañas e mais os paseos polos prados para trasladarse a Madrid, onde todo é ruído, tráfico e un continuo vaivén dun lado para outro. Para saír adiante busca un traballo de azafata e múdase a un apartamento a carón de Carlos e Inés, dous mozos moi agradables. Os tres axiña se levan moi ben, comparten as comidas, as dúbidas e mais o tempo de lecer. Antonia, a nai de Inés, ten un pequeno supermercado de barrio; leva unha vida bastante tranquila xunto ao seu noivo, Manolo, e as súas tres fillas: Inés, Nieves e Helena, a maior. Con todo, pouco a pouco, a súa pracenteira vida empeza a cambalear. Adela non tivo grandes dificultades para se adaptarse á vida urbana, a pesar de que o pai de Miguelito non a axuda demasiado economicamente. Un atentado terrorista, mentres viaxa en autobús, vaille esnaquizar a vida. A partir dese momento, deberá atopar a forza para regresar a unha vida normal.

FICHA ARTÍSTICA

Sonia Almarcha (Adela), Petra Martínez (Antonia), Miriam Correa (Inés), Miriam.Nuria Mencía (Nieves), María Bazán (Helena), Jesús Cracio (Manolo), Luis Villanueva (Carlos), Luis Bermejo (Alberto), Juan Margallo (Pai), José Luis Torrijo (Pedro), Carmen Gutiérrez (Miriam)

CONSTRUCCIÓN DE UNA CIUDAD [18/20/21/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Néstor Frenkel**
Guión **Néstor Frenkel**
Fotografía **Diego Poleri**
Son **Javier Farina**
Música **Javier Ntaca**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina**
Ano **2007**
Duración **95 min / Cor**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Federación era unha cidade situada ao norte de Entre Ríos, do lado do río Uruguay, que a finais da década dos 70 foi anegada case completamente polas obras do encoro de Salto Grande. Os habitantes foron trasladados a poucos quilómetros de alí, a un tecido urbano flamante e sen sombra, con casas todas igualiñas entre elas, coñecido como a Nueva Federación, cidade inaugurada polo ditador Jorge Rafael Videla o 25 de maio de 1979. Pasaron os anos e hoxe as dúas Federaciones, vella e nova, conviven nun limbo: por un lado, as augas termais descubertas hai relativamente poucos anos proxectárona como un polo turístico, ademais de completar a parábola de rigor (a auga leva, a auga trae); polo outro, á vez que a nova cidade atopa unha personalidade propia e definida, a nostalxia e os fantasmas do pasado aparecen con frecuencia cada vez maior. Néstor Frenkel retrata a Federación con curiosidade, cunha mirada prodixiosamente atenta aos detalles e cunha empatía na que se unen afección e sentido do humor, nunha película que, tras a sorpresa de *Buscando a Reynols*, acaba de revelalo como un observador único.

OF TIME AND THE CITY [5/7/8/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Terence Davies**
Produción **Solon Papadopoulos** e **Roy Boulter**
Guión **Terence Davies**
Fotografía **Tim Pollard**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Xénero **Documental**
Duración **70 min**
Ano **2008 / Cor**

SINOPSE

Apoiándose nunha montaxe de imaxes de arquivo e de tomas rodadas na actualidade, Davies debulla coa súa propia voz os seus recordos do Liverpool que o viu medrar, o dos anos 40 e 50, para despois avanzar cara ao presente deténdose nalgúns dos principais acontecementos da historia británica recente e amosándonos os efectos do paso do tempo sobre a súa cidade natal a través de comentarios que se moven entre a poesía e a ironía, a melancolía e a rabia.

ELOXIO DA DISTANCIA [23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Felipe Vega** Guión **Felipe Vega** e **Julio Llamazares** Produción **Julio Fernández Rodríguez** Música **Jorge Ordóñez** Fotografía **Alfonso Parra Redondo** Montaxe **Ángel Hernández Zoido**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Xénero **Documental** Duración **90 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**
Data estrea **1/10/2008**

SINOPSE

Na primeira quincena de febreiro de 2007 Julio Llamazares e Felipe Vega percorreron as Terras de Burón para se familiarizar coa paisaxe e atopar as historias e os protagonistas que permitan facer dela unha película. Acompañáronos Enrique Batet, xefe de produción do proxecto, e Miguel Yuma, responsable das localizacións.
A idea é que sexan uns cantos personaxes (a determinar conforme uns arquetipos: o que nunca se moveu do territorio, o que emigrou e volveu, o que vive lonxe pero regresa sempre que pode, o que veu de fóra, o que, pola súa profesión –veterinario, médico, vendedor ambulante, etc.– percorre a rexión continuamente, o que vive sen se mover da súa aldea...) os que nos conten as súas vidas e as súas ideas da distancia e de como esta determinou e continúa a determinar a súa vida e a dos veciños.
Trátase de artellar unha serie de historias engarzadas que, ao xeito dun retablo en movemento, nos amosen como é a vida no territorio e como a distancia, ese elemento caracterizador ao dicir de Otero Pedraio e de calquera que o percorra, condicionou aquela para, ao mesmo tempo, observala desde a perspectiva oposta: desde o eloxio, non gratuíto, senón convencido de que pode ser xustamente o factor que saque o territorio do seu esquecemento secular. Porque, nun tempo en que cada vez menos quedan lugares onde a natureza perviva en estado case ancestral e en que cada vez máis as persoas buscan eses territorios para se reencontrar coa súa verdadeira esencia, rexións coma a das Terras de Burón poden facer da súa necesidade virtude e venderse precisamente polo que foi a causa das súas penurias. Sobre todo agora que as distancias se poden combater máis doadamente por mor dos adiantos técnicos.Na procura deses personaxes desde os que contar a paisaxe que habitan emprendeuse a viaxe dunha semana polo territorio da Fonsagrada, A Pontenova e Negueira de Muñiz.

GONZO: THE LIFE AND WORK OF [5/6/8] DR. HUNTER S.THOMPSON

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alex Gibney**

DATOS TÉCNICOS

País **EE.UU.** Ano **2008** Duración **118 min**

SINOPSE

O escritor máis rock'n'roll do xornalismo freelance relatado durante os anos que viviu perigosamente: mil drogas, Hell's Angels, armas, cancións e whisky nun documental que é un puro despacho de guerra.

Julieta Figueroa, Pablo Krögh, Mariana Muñoz, Angélica Riquelme

EL CIELO LA TIERRA Y LA LLUVIA [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Luis Torres Leiva**
Guión **José Luis Torres Leiva**
Produción **Bruno Bettati, Elise Jalladeau** e **Peter Rommel**
Fotografía **Inti Briones**
Montaxe **Ilán Stehberg** e **José Luis Torres Leiva**
Música **Sen música**
Son **Ernesto Trujillo**

DATOS TÉCNICOS

País **Chile**
Ano **2008**
Duración **110 min**

SINOPSE

A vida e as relacións de tres mulleres e un home no sur de Chile. Os seus silencios, os encontros, paseos, camiñadas e traballos. Un filme visual e atmosférico onde o Ser Humano e a paisaxe se funden nunha única trama. Visión da soidade e do illamento non como unha consecuencia negativa, senón como un proceso de aprendizaxe interna.

Julianne Moore (Muller do doutor), Mark Ruffalo (Doutor), Alice Braga, Yusuke Iseya, Yoshino Kimura, Maury Chaykin, Danny Glover, Gael García Bernal

BLINDNESS [20/23/25]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Fernando Meirelles**
Guión **Don McKellar**; baseado na novela *Ensaio sobre a cegueira* de José Saramago
Produción **Niv Fichman, Andrea Barata Ribeiro** e **Sonoko Sakai**
Música **Marco Antônio Guimarães**
Fotografía **César Charlone**
Montaxe **Daniel Rezende**
Deseño da produción **Tulé Peake**
Vestiario **Renée April**

DATOS TÉCNICOS

Países **Canadá, Brasil** e **Xapón**
Ano **2008** Duración **120 min** Xénero **Drama**

SINOPSE

Unha curiosa epidemia de cegueira sacode un país. As primeiras vítimas deste accidente son encerradas nun hospital sen recibir explicacións nin apoio. Entre elas está unha muller que conserva a vista en segredo para poder acompañar o seu marido cego. No encerro vanse dar todo tipo de atrocidades mentres na rúa dominará o caos e mais o terror.

Nicolás Prividera, Guido Prividera

M [21/22/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Nicolás Prividera**
Guión **Nicolás Prividera**
Fotografía **Carla Stella, Josefina Semilla** e **Nicolás Prividera**
Montaxe **Malu Herdt**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **M**
Xénero **Documental**
País **Arxentina**
Ano **2007**
Duración **140 min**

SINOPSE

Nicolás Prividera conta a historia da súa propia nai, a bióloga Marta Sierra, que traballou no INTA ata que a secuestraron en marzo de 1976. *M* revela a ambigüidade de calquera reconstrución da historia, desde o crebacabezas familiar ata a súa encarnación institucional.

HOLLYWOOD CONTRA FRANCO [24/25]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Oriol Porta**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2008**
Xénero **Documental**
Duración **87 min**

SINOPSE

A Guerra Civil española exerceu un forte impacto nos artistas de Hollywood. Moitos deles apoiaron campañas contra a política de non-intervención do goberno de Estados Unidos, participaron en mitins ou pagaron ambulancias para o bando republicano. O documental amosa como se utilizou o conflito na meca do cinema entre 1937 e 1975.

Adel Imam (Zaki El Dessouki), Nour El Sherif (Haj Azzam), Youssra (Christine), Issad Younis (Dawlat), Ahmed Bedeir (Malak), Hind Sabry (Bothayna), Khaled El Sawy (Hatem Rachid), Khaled Saleh (Kamal El Fouly), Ahmed Rateb (Fanous), Somaya El Khashab (Soad)

OMARET YACOUBIAN [O EDIFICIO YACOBIÁN] [16/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Marwan Hamed**
Guión **Waheed Hamed**; inspirado na novela homónima de Alaa' Al-Aswany
Produción **Nabil Sobhi**
Música **Khaled Hammad**
Fotografía **Sameh Selim**
Montaxe **Khaled Marei**
Dirección artística **Fawzy El Awamry**
Vestiario **Nahed Nassrallah**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Omaret Yacoubian**
País **Exipto**
Ano **2006**
Duración **161 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

O edificio Yacobián, no Cairo, segue sendo unha construción fascinante. Erixido en 1934 e bautizado co nome do líder da comunidade armenia, considerouse durante moito tempo o último berro en comodidade e elegancia. Inspirada libremente nunha novela moi popular do escritor exipcio Alaa' Al-Aswany, esta película reflicte unha serie de episodios nas vidas dos residentes do edificio. Un dos seus habitantes é o aristocrático Zaki El Dessouki (Adel Imam), auténtico "playboy" que sente unha gran debilidade polas mulleres. Nunha das súas citas coincide coa súa veciña Bothayna (Hind Sabry), unha moza de clase baixa. Obrigada a coquetear co dono da tenda na que traballa para alimentar a súa familia, a moza ten que renunciar ao amor da súa vida, o fillo do porteiro do edificio.

Luis Zahera, Chete Lera, Cesar Goldi, Franka Potente, Miguel De Lira, Farruco Castroman

A NOITE QUE DEIXOU DE CHOVER [4/5/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alfonso Vilas Zarauza**
Guión **Alfonso Vilas Zarauza**
Produción **Manuel Cristóbal Rodríguez** e **Harold Sánchez**
Música **Piti Sanz**
Fotografía **Carlos Arenal**
Montaxe **Xoán Carlos Arroyo**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Xénero **Comedia**
Duración **90 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Castelán**
Data estrea **05/11/2008**

SINOPSE

A historia comeza o día antes de que se produza a eclipse de sol que traerá a fin do mundo, segundo advirten os agoireiros e supersticiosos, que coincide co día no que se cumpre o primeiro aniversario da morte do pai de Spleen. A promesa que lle fixo a súa nai, un ano antes, acaba de cumprirse e Spleen xa se sente libre para tomar o seu propio camiño, aquel co que leva soñando tantos anos.

Isabel Sarli, Victor Bo, Romualdo Quiroga, Juan Carlos Altavista, Alba Solís

CARNE [24/26/3D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Armando Bo** Guión **Armando Bo** Produción **Armando Bo** Música **Elijio Ayala Morín** e **Rodolfo Ubriaco** Fotografía **Ricardo Younis** Montaxe **Rosalino Caterbeti**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina** Ano **1968** Xénero **Drama**

SINOPSE

Isabel Sarli é Delicia, unha polposa obreira de frigorífico acosada por un despectivo home alcumado "El Macho"(sic), que a viola e despois a obriga a pasar sexualmente polos seus "amiguiños" (un autentico grupo de infradotados), dentro dun camión. Dramón ultra ousado e incrible por onde queira que se mire, con algúns ítems, a saber: 1) Ten a frase máis famosa do cinema nacional: "Carne sobre carne!"– na escena da violación. 2) Ten a segunda frase máis famosa do cinema nacional: "Que pretende Vostede de min...???" (Isabel núa sobre un catre, cando pasa outro dos violadores cara a ela). 3) É en Eastmancolor, pero de pronto salta á metraxe branca e negra, sen ningunha explicación, e acentúaa o Camp, con excesos en vermello. 4) O papel ou rol de "El Macho" Humberto (Romualdo Quiroga) non se pode crer..! Por só isto (ninguén pode chegar a ese nivel actoral medio), merecería ter un sitio no Olimpo actoral arxentino. 5) Victor Bo fai de rapaz de barrio: bo, humilde, honesto e traballador, que ama en serio a Delicia, e que nun momento dado a vai salvar, pero confúndese ou extravía no mesmo decorado (40 tomas nunha mesma esquina..!!) Estas secuencias parecen tomadas dun capítulo de *Dimensión Desconocid*a. 6) Os diálogos posviolación dos amigos, mentres comen ordinariamente coas mans e beben viño da botella, confirman a torpeza e mais a falta de academicismo do director Armando Bo. Ademais hai un exceso de terra, cotra, etc. (obsérvese a roupa e mais o vestiario) 7) Esquézanse de todo o que se escribiu arriba e divírtanse..!!

PANORAMA GALIZA 2007-2008

GALICIA ANIMADA 2007 [9/15/29]

A REVOLTA DOS MOUSES (2007) David Alejandro Gen | Duración: 18′

HOMELESS, SEN TEITO
Diego Méndez Lamas
Duración: 10′



MAR-XEN (2007)
José Luis González Barceló
Duración: 3′

O RAIO TRANSPARENTE
Francisco Lapeña Otero
Duración: 5′

LEO (2007)
Fernando Cortizo Rodríguez
Duración: 10′

DON SEÑOR E O HOME DO SOÑO (2007) Nacho Abia Carrera
Duración: 3′

1977 (2007)
Peque Varela
Duración: 8′

MAN (2006) (Juan Carlos Abraldes, Luis Fernández Santiago, Luis Faraón | Duración: 8′

O PINTOR DE CEOS (2007)
Jorge Morais Valle
Duración: 25′

A FLOR MÁIS GRANDE DO MUNDO (2006) Juan Pablo Etcheberry | Duración: 10′

O BUFÓN E A INFANTA (2006)
Juan Galiñanes García
Duración: 5′

CINEMA NON RECONCILIADO [4/18]

ATMA (2007) Guillermo Maceiras Gómez
Duración: 9′

CONTRAFILMES (2007)
Susana Rei Crespo
Duración: 20′

PARÍS #1 (2007)
Oliver Laxe Coro
Duración: 25′

OS FABULOSOS IRMÁNS LUZ (2007) Olaia Sendón Ogando
Duración: 16′

PASA-LO TEMPO (2007)
Miguel Abad López
Duración: 8'

MOVEMENTO VOCEAL (2007)
Xohán Brión Ageitos
Duración: 13'

FÁBULAS CURTAS DO REAL [6/19]

BATA POR FORA (muller por dentro) (2007) Claudia Brenlla López
Duración: 18'

PÓ DE ESTRELAS (2007)
Alberte Pagán | Duración: 24'

CONVERSAS COM DEUS (2007)
Lara Bacelo González
Duración: 32'

VARIACIÓNS FICCIONAIS [8/19]

MÍNIMO COMÚN MÚLTIPLO (SOÑOS DE LUZ) (2007)
Rubén Coca Lasén | Duración: 10'

THE BIKE (A bicicleta) (2007)
Juan Junquera Santiso,
Benjamin Carter | Duración: 9'

WARMING 2099 (2008)
Andrés Victorero Rey
Duración: 1'

O CAZADOR (2007)
Ángel Santos Touza
Duración: 25'

A REPÚBLICA DOS SOÑOS (2007)
Isabel Martínez Martínez
Duración: 16'

OS SEÑORES DO VENTO (2008)
Xurxo González Rodríguez
Duración: 10'

GALICIA 2098
Edu Lavandeira
Duración: 5'

CORES (2007)
Jairo Iglesias Martínez
Duración: 6'

ILUSIÓN (2007)
Alexia Muíños Ruíz
Duración: 11'

LÁGRIMAS DE SANGRE (2007)
Eva Carro Conde
Duración: 11'

[Continúa]

XAN, A DESPEDIDA (2007)
José Luis Martínez Díaz
Duración: 13'

PALÍNDROMO (2007)
Eva Quintas Froufe
Duración: 10'

SULFATO (2008)
Abelardo Rendo Rial
Duración: 8'

NADA (2007)
Diego Pazó
Duración: 20'

ALÉN DA REALIDADE [17/24]

12007 (2007)
Diego Torres Freijeiro | Duración: 15'

AUTOMÓBIL (2007)
Andrés Victorero Rey
Duración: 22'

SANTIAGO DE SANGUE (2007)
Francisco Calvelo Moreira
Duración: 10'

O CERCO (2007)
Martiño Vázquez Baño
Duración: 10'

O INQUILINO (2007)
David González Sánchez
Duración: 14'

O HOSPITAL (2007)
Iván Seoane Romero
Duración: 18'

AUGA (2006)
Xosé Antón Perozo Porteiro 'Ozo'
Duración: 10'

DA MAN DA RAÍÑA VERMELLA (2007) Omar Rabuñal Varela, Miguel Corujo | Duración: 20'

SEN ESCRÚPULOS (2007)
Carlos Seijo Canosa
Duración: 5'

DO AMOR E OUTRAS SOIDADES [14/20]

TRAZOS (2007) Simón Casal de Miguel | Duración: 17'

BILINGÜE (2007) Cecilia Perolio Hurtado | Duración: 15'

QUIETOS (2007)
Beatriz Vázquez Campaña
Duración: 15'

ETCÉTERA (2007) Placido Baranda Valeiras | Duración: 13'

CANCIÓN SEN EMOCIÓN (2008)
David Pardo García
Duración: 14′

LUZ (2007)
Antonio Paz Pérez
Duración: 20′

PERVERSA LOLA (2007)
Sonia Méndez Alonso
Duración: 12′

MIND THE GAP (2008) Daniel Domínguez García | Duración: 10′

ÓPTICAS CRUZADAS [9]

A SOLUÇOM É O SOCIALISMO (2008) Alberte Pagán, Eduardo Moltó | Duración: 10′

[9/19/29] **CIENFUEGOS 1913** (2008) Margarita Ledo Andión, Belkis Vega
Duración: 15′

CATRO CARTAS (2008)
Cora Peña Hernández, Ernesto Daranas | Duración: 15′

[9/19/29] **O ALMORZO DO POETA** (2008) Mario Iglesias González

ETNOVISIÓNS [7/16]

O TEMPO DA RECOLLEITA (2007)
Felix Blume | Duración: 30′



CAL VIVA, CAL MORTA, A DERRADEIRA FESTA (2007)
Mariano Casas Gil, Duarte Fernández Vidal | Duración: 25′

OS ANDOLIOS SOBRE A CHAIRA: AFIADORES (2007) Xosé Henrique Rivadulla Corcón | Duración: 50′

OLLADAS NOVAS AOS VELLOS OFICIOS (2007) Jorge Ismael Gil Morabes, Xose Manuel Dapena
Duración: 45′

MEMORIA HISTÓRICA

[13/20] **A ARAÑEIRA, GALICIA EN GUERRA** (2007) Eduardo Rolland Etchevers | Duración: 50

[14] **ANTONIO PALACIOS, O GALEGO QUE CONSTRUIU MADRID** (2007)
Carlos Davila Alonso | Duración: 50′

[16] **CORALIA E MARUXA** (2007)
Xosé Henrique Rivadulla Corcón
Duración: 50′



[21] **MANOLO BARROS, UN REBELDE DE ACEIRO** (2007)
Cuchi Carreira| Duración: 55′

[Continúa]

[14] **BARREIROS, MOTOR HUMANO** (2007) Marco Besas Martínez
Duración: 60′

[14] **O RESPLANDOR DAS ATOCHAS** (2007) Jorge Ismael Gil Morabes
Duración: 50′

[16] **AREA NOS OLLOS. A LOITA POR BALDAIO 30 ANOS DESPOIS** (2007) Iván Seoane Romero
Duración: 24′

[12] **ASTANO: A FORXA DUN SOÑO** (2008) Miguel Conde Otero
Duración: 55′

SOCIEDADE

[10/22] **O REI GALEGO DE ÁFRICA** (2008) Delmi Alvarez | Duración: 50′

[10/22] **OS 15.000 DE NEWARK** (2007) Anxo Fernández Rodríguez
Duración: 50′

[11] **O PREMIO DA RUBIA** (2008) Marcos Nine Búa
Duración: 50′

[11/25] **LINGUAS CRUZADAS** (2007) María Yáñez Anllo, Mónica Ares
Duración: 50′

[11/25] **NEGRA SOMBRA** (2007) Eloy Lozano Coello
Duración: 50′

[13/21] **UNHA HISTORIA GALEGA (RETRATOS DA REPRESIÓN NA GALICIA DE 1936** (2007) Patrick Seraudy | Duración: 55′

[12/20/25] **CASÓN: 20 ANOS SEN RESPOSTAS** (2008) Xabier R. Blanco, Antonio Segade Bugallo | Duración: 55′

[25] **XARES, O RÍO QUE NOS LEVA** (2007) Pedro Prada Blanco
Duración: 55′

[12/23] **PRODIXIOSOS** (2008) Manuel Darriba Blanco
Duración: 50′

[12/25] **DESTINO A FESTA** (2008) Jorge Algora
Duración: 50′

[12/23] **O SALARIO DO SILENCIO** (2007) Henrique Banet López de Rego, Mabel Rivera Torres | Duración: 48′

[12/23] **UNHA LOUSA SOBRE O CAUREL** (2007) Henrique Banet López de Rego | Duración: 50′

[13/23] **TRABALLADORES DO CONTRABANDO** (2006) Víctor María Aparicio Abundancia | Duración: 55′

[11] **DA REGUEIFA AO RAP** (2006)
Helena Villares Gallardo, Pilar Pérez Faxil | Duración: 50'

[13] **EN MEDIO DE ALGURES** (2002) Manuel Iglesias Nanín
Duración: 53'

[13/25 **VIVIR A DESTEMPO** (2008)
Rita Romero García
Duración: 50'



LONGAMETRAXES

[21/26] **PRADOLONGO** (2007)
Ignacio Vilar Díaz | Duración: 90'

[17/26] **POR MIN E POR TÓDOLOS MEUS COMPAÑEIROS** (2006) Joaquín Judas Diz Otero | Duración: 90'



[27] **ESPÍRITO DO BOSQUE** (2007)
Juan Carlos Pena Baio e David Rubin Duración: 90'

[15/28] **MALDITO BASTARDO** (2007) Javi Camino
Duración: 90'

TELEFILMES

[9] **O TESOURO** (2007) Manuel Martín Cuenca | Duración: 90 '

[8/27] **MANCIÑA MORTA, ÁBREME ESTA PORTA** (2007) Ramón Costafreda García | Duración: 90'

[6/28] **O ESPELLO** (2007)
Álex Sampayo Parra
Duración: 90'

[7] **A MARIÑEIRA** (2007)
Antón Dobao Duración: 90'

FÁBULAS LONGAS DO REAL [10/24]

QUEN SON? (2008)
Eloy Lozano Coello | Duración: 90'

Concertos da
BANDA MUNICIPAL
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
en colaboración con **cineuropa**

DOMINGO 23
DE NOVEMBRO ÁS 12:00 H

Galiza anos 20 paisaxes e sons

Música galega **amenizada visualmente por The Chemical Orange** coas primeiras imaxes cinematográficas de Galiza.

Programa:
A lenda de Montelongo
A noite do Santo Cristo
Airiños aires

Descanso
Romaxe en naseiro
Follas novas
Alborada galega

MARTES 25
DE NOVEMBRO ÁS 20:00 H

Contos de Alentraia

Interpretación da *Suite Contos de Alentraia* de Eugenio Pazos Pintor con **ambientación visual a cargo de The Chemical Orange**.

Tras o concerto **pase das curtametraxes Tornabón** e **Cabeza de Boi** de Xosé Carlos Soler, que teñen como banda sonora a suite *Contos de Alentraia*

Luis Tosar, Mónica García Pérez, Xan Cejudo Álvarez

TORNABÓN

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Carlos Soler Gómez**
Guión **José Carlos Soler Gómez**
Produción **José Carlos Soler Gómez**
Fotografía **Diego Ortiz**
Montaxe **Miguel Ángel Lavandeira**

DATOS TÉCNICOS

Ano **1995**
Xénero **Comedia**
Modalidade **Ficción**
Duración **25 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**

SINOPSE

A miseria instalada nunha familia de Oleiros impulsará a Simón, Arturo e Sinda a abandonar o fogar paterno. Simón, o irmán mais vello, consegue emprego nun misterioso mosteiro. Tras un ano de duro traballo, recibe como pago un burro máxico.

CABEZA DE BOI

Luis Tosar, Maxo Barjas, Víctor Mosqueira, Susana Dans

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Carlos Soler Gómez**
Guión **José Carlos Soler Gómez, Quico Cadaval Ayaso** e **Xepe Casanova**
Produción **José Carlos Soler Gómez**
Fotografía **Diego Ortiz**
Dirección de arte **Xepe Casanova**
Axudante de dirección **Quico Cadaval Ayaso** e **Xan Cejudo Álvarez**

DATOS TÉCNICOS

Ano **1996** Xénero **Comedia**
Modalidade **Ficción**
Duración **25 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**

SINOPSE

A tranquilidade era a protagonista de Caspán, onde todos os días sucedían sen grandes complicacións. Pero a chegada inesperada da filla do señor altera a vida de todos os seus habitantes.

Exposición
cineuropa de libro

BIBLIOTECA PÚBLICA
ANXEL CASAL

DO 4 DE NOVEMBRO
AO 3 DE DECEMBRO

Durante a celebración de Cineuropa a Biblioteca Pública Anxel Casal terá aberta unha exposición de carteis de filmes e materiais bibliográficos e visuais relacionados coas películas exhibidas e as súas temáticas.

Filme-concerto de CONTRAPLANO



CONTRAPLANO

Contraplano é unha proposta multidisciplinar que presenta a realización dun espectáculo audiovisual no que se combina a música electrónica orixinal con proxeccións de material cinematográfico de xeito síncrono.

A primeira parte do concerto é unha "suite electrónica" que se combina cunha montaxe de planos secuencia de películas clásicas. A segunda parte explora a idea da persecución.

DÍA 28 DE NOVEMBRO
ÁS 00:00 H NO CGAC

Andy Samberg/Álvaro Benito (Ham III), Cheryl Hines/Amaia Salamanca (Luna), Patrick Warburton (Titan), Jeff Daniels (Zartog), Stanley Tucci (Senador), Jane Lynch (Dra. Poole), Kristin Chenoweth (Kilowatt), Zack Shada (Comet), Patrick Breen (Dr. Bob), Omid Abtahi (Dr. Jagu)

SPACE CHIMPS [SPACE CHIMPS: MISIÓN ESPACIAL]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kirk DeMicco** Guión **Kirk DeMicco** e **Robert Moreland;** baseado nun argumento de **Kirk DeMicco** Produción **John H. Williams** e **Barry Sonnenfeld** Música **Chris Bacon** e **Blue Man Group** Fotografía **Jericca Cleland** Montaxe **Debbie Berman**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Space chimps** Dobraxe orixinal **español** País **USA** Ano **2008** Duración **80 min** Xénero **Animación, comedia, aventuras**

SINOPSE

Cando unha sonda da Axencia Espacial desaparece nun buraco de verme intergaláctico, a axencia contrata a Ham III, neto do primeiro chimpancé que foi ao espazo, para que axude a recuperar a nave extraviada. Pero Ham, que levaba unha vida feliz como mono voador nun circo, está máis interesado en probar a gravidade cero que en estar á altura da súa gloriosa herdanza. Sen o pretender, o noso protagonista vaise converter nun heroe que aprenderá o verdadeiro significado da coraxe, a amizade e mais o traballo en equipo. El e os seus compañeiros de tripulación, a tenente Luna e o teimudo comandante Titan, arríscano todo para salvar os pacíficos habitantes dun afastado planeta dos abusos do malvado Zartog, un extraterrestre megalómano que se fixo co control da sonda Infinity.

Elijah Wood (Mumble), Robin Williams (Ramon/Lovelace), Brittany Murphy (Gloria), Hugh Jackman (Memphis), Nicole Kidman (Norma Jean), Hugo Weaving (Noah o Vello), Anthony LaPaglia (Alpha Skua), Miriam Margolyes (Sra. Astrakhan), Magda Szubanski (Srta. Viola), Carlos Alazraqui (Nestor), Johnny Sanchez III (Lombardo), Jeff Garcia (Rinaldo), Lombardo Boyar (Raul)

HAPPY FEET [ROMPENDO O XEO]

FICHA TÉCNICA

Dirección **George Miller** Guión **George Miller, John Collee, Judy Morris** e **Warren Coleman** Produción **Doug Mitchell, Bill Miller** e **George Miller** Música **John Powell** Deseño da produción **Mark Sexton** Dirección artística **Simon Whiteley**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Happy feet** Países **Australia** e **USA** Ano **2006** Duración **108 min** Xénero **Animación, comedia, aventuras** Dobraxe **orixinal**

SINOPSE

Na gran nación dos pingüíns emperador, no máis profundo da Antártida, non es ninguén se non sabes cantar, e iso representa unha gran desvantaxe para Mumble, que é o peor cantante do mundo. Naceu bailando o seu propio estilo: claque. Aínda que a nai de Mumble, Norma Jean, cre que este pequeno hábito é estupendo, o seu pai, Memphis, di que "non é propio de pingüíns". Ademais, os dous saben que sen unha 'canción do corazón' Mumble nunca vai atopar o verdadeiro amor. Mumble é demasiado diferente, especialmente para Noah o Vello, o severo líder da Terra do Emperador, que finalmente o bota da comunidade. Lonxe do seu fogar por primeira vez, Mumble reúnese cun numeroso grupo de pingüíns totalmente diferentes que se afeccionan inmediatamente aos seus estupendos bailes e o invitan a que forme parte do seu grupo. Mumble emprende así unha viaxe a través de amplas paisaxes e, despois dalgúns encontros épicos, demostra o importante que é ser fiel a un mesmo.

Pinocho, Scamboli, Gepetto, Cyberina, Spencer

P3K: PINOCCHIO 3000 [P3K: PINOCHO 3000]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Daniel Robichaud** Guión **Claude Scasso;** baseado nunha historia orixinal de **Carlo Collodi** Produción **Julio Fernández** Música **James Gelfand** Montaxe **Claudette Duff** Dirección artística **Nicolás Lebessis**

DATOS TÉCNICOS

Países **España, Canadá** e **Francia**
Ano **2004** Duración **80 min**
Xénero **Animación, ciencia-ficción**

SINOPSE

Ano 3000. Gepetto é un xenial inventor da cidade de Scamboville que crea a Pinocho: un pequeno robot coa personalidade dun meniño de carne e óso. Pinocho, alegre, imaxinativo, curioso, pero tamén testán e inocente, está disposto a calquera cousa para conseguir o seu soño: converterse nun neno de verdade. O pequeno robot é, para o vello e entrañable Gepetto, moito máis ca unha criatura creada por el, case é o fillo que nunca tivo... Pinocho non deixa de sorprender polas súas incribles habilidades e mais pola incansable curiosidade ante todo o que o rodea. Gepetto non comprende porque o malvado alcalde Scamboli está tan celoso del, cando ten unha filla marabillosa. Pero o nobre Gepetto non comparte ese sentimento de odio, máis ben o que fai é compadecerse do alcalde, o que, evidentemente, fai que Scamboli aínda se enfureza máis. Spencer, un pingüín convertido en *ciborg* como resultado dun experimento frustrado de Scamboli, vive tranquilo como man dereita de Gepetto. Aínda que non comparta as inquietudes innatas de Pinocho, Spencer acompáñao habitualmente nas aventuras e ofrécelle a súa peculiar e divertida interpretación da vida.

DORAEMON: NOBITA NO KYÔRYÛ [DORAEMON E O PEQUENO DINOSAURO]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ayumu Watanabe** Guión **Ayumu Watanabe** e **Kouzou Kusube;** baseado nun argumento de **Fujiko F. Fujio** Música **Kan Sawada** Fotografía **Masahiro Kumagaya** Dirección artística **Minoru Nishida**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Doraemon: Nobita no kyôryû**
País **Xapón** Ano **2006** Duración **100 min**
Xénero **Animación, aventuras**

SINOPSE

"Oxalá atopara un fósil de dinosauro!", pensa o soñador Nobita. O resto do grupo tómao a broma, pero Nobita pon todo o empeño nesta nova misión para lles pechar a boca aos amigos. O máis sorprendente é que, na primeira escavación, dá cun ovo que ben podería ser dun animal prehistórico. Axudado por Doraemon, Nobita consegue que do ovo naza un exemplar de futabasauro, unha especie autóctona de Xapón, que bautizan como Pisuke. Da noite para a mañá, Pisuke atrae a atención do barrio e dos medios de comunicación, de modo que Doraemon e Nobita deciden que o máis sensato é devolvelo ao seu hábitat prehistórico mediante a sempre útil máquina do tempo. Pero non todo é tan sinxelo como planearan. A irrupción duns cazadores de dinosauros sen escrúpulos complica o plan.

cine español 2008



Ministerio de Cultura
Instituto de la Cinematografía
y de las Artes Audiovisuales
Paseo del Prado, 1
28014 Madrid (España)

www.mcu.es/cine/index.html

IBERIA